

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente (2) do 30 de decembro de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e cincuenta e cinco minutos do día de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1438).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1439).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 19/06/15 DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS-DELEGADOS. EXPTE. 74/1102.**

Dáse conta da Resolución do 30/12/16, da Alcaldía:

Examinadas a proposta do concelleiro-delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, así como as solicitudes de rectificación remitidas dende a área de RR HH e Formación (17/10/16 e 27/12/16), ambas de modificación do Decreto de Delegacións en concelleiros-delegados de data 19 de xuño de 2015 (Expte. 74/1102) e, vista a conveniencia de impulsar o cumprimento dos principios de eficacia, eficiencia e axilidade na xestión pública no Concello de Vigo, de conformidade coa Resolución de data 29/06/2016, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica relativo a distintas modificacións na Área de Fomento, Limpeza e Contratación, así como na Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración electrónica, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal ostenta esta Alcaldía -art. 124.4 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD

2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a Resolución de Delegación de Competencias de 19 de xuño de 2015, no tocante á Área de Fomento, Limpeza e Contratación, no tocante ao apartado APARTADO II. b) “En materia de seguimento de empresas concesionarias de servizos públicos”, que quedará redactado do seguinte xeito:

b) En materia de seguimento de empresas concesionarias de servizos públicos:

1.- Coordinar as diferentes Áreas na inspección das empresas concesionarias para garantir a suxeición da actividade das mesmas aos pregos de condicións que rexen en cada contrato, sen prexuízo da competencia directa do Servizo Xestor e do Responsable do contrato.

2.- Coordinar coa Área de Contratación e coa que sectorialmente corresponda a confección dos PCAP e de condicións técnicas que se refiran á xestión dos servizos, co obxecto de homoxeneizar os seu contido e facilitar a súa posterior inspección, sen prexuízo da competencia directa do Servizo Xestor e do Responsable do contrato.

Segundo.- Modificar a Resolución de Delegación de Competencias de 19 de xuño de 2015, no tocante á Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica no tocante ao apartado APARTADO II. b) “En materia de recursos humanos e persoal”, que quedará redactado do seguinte xeito:

• APARTADO III.b) ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL, PERSOAL, PATRIMONIO E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, propoñendo a engádegas do seguinte apartado:

.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a autorización de encomendas de funcións e acumulacións de tarefas coa proposta de gasto, a delimitación temporal da mesma e a súa forma de liquidación, con determinación dos parámetros ou criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, de ser o caso.

Terceiro.- Modificar a Resolución de Delegación de Competencias de 19 de xuño de 2015, no tocante á Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica no tocante ao apartado APARTADO III. b) “En materia de recursos humanos e persoal”, no que se suprimirá o apartado 12:

*12.- Propoñer á Xunta de Goberno Local, en coordinación coas Concellerías Delegadas de Área e demais Delegados, a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas nin periódicas (gratificacións e complementos de produtividade).*

Cuarto.- A Alcaldía-Presidencia exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o considere axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

Quinto.- Refundir esta Resolución coa Resolución de 19 de xuño de 2016 a efectos de ofrecer un único instrumento claro e estruturado en relación coas delegacións da Alcaldía nos concelleiros delegados de áreas.

Sexto.- Notificar a presente Resolución aos concelleiros e xefes das diferentes áreas e servizos municipais afectados. Informar dela mediante a Intranet municipal.

Cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto.- Da presente Resolución de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

### **3(1440).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO TIPO DUMPER PARA O PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 12225/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 29/12/16, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

*“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2016 as 13.30 horas, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*2.- Proposta de adxudicación.*

*c) Procedemento negociado para a contratación do subministro dun vehículo tipo dumper para o parque móbil municipal (12225-445)*

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*

- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado para a contratación do subministro dun vehículo tipo dumper para o parque móbil municipal (PCAP).*

#### ANTECEDENTES

*Primeiro.- En data 9 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento negociado para a contratación do subministro dun vehículo tipo dumper para o parque móbil municipal, e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.*

*Segundo.- En data 26 de decembro de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:*

1. *VIP GALICIA, S.A.*

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- a) Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- b) Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- c) A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- d) Resgardo da garantía definitiva”.*

*Terceiro.- En data 27 de decembro de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, VIP GALICIA, S.A., que presenta a documentación requirida en data 28 de decembro de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.*

*Cuarto.- En data 28 de decembro de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis*

*vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VIP GALICIA, S.A., tal e como desprendese do informe de valoración das ofertas do xefe da Unidade de Mantemento e do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, de 22 de decembro de 2016.*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Adxudicar a VIP GALICIA, S.A., o procedemento negociado para a contratación do subministro dun vehículo tipo dumper para o parque móbil municipal (12225-445) por un prezo de 129.833 € (IVE incluído) e coa seguinte prestación adicional:*

- Comprometese a responder en caso de avaría en menos de 24 horas calquera día do ano no período de garantía total e dos elementos cinéticos*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1441).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE AQS NO PAVILLÓN DO CARMEN E NO COMPLEXO DEPORTIVO DE BALAÍDOS. EXPTE. 718/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 29/12/16, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

*“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2016 as 13.30 horas, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*2.- Proposta de adxudicación.*

*b) Procedemento negociado para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (718-611)*

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento b) negociado para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos, de 14 de decembro de 2016 (PCAP).*

## ANTECEDENTES

*Primeiro.- En data 14 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento negociado para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (718-611), e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.*

*Segundo.- En data 29 de decembro de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:*

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación oferta económica</i>	<i>Puntuación Garantía</i>	<i>TOTAL</i>
1	<i>COSTAS Y OTERO, S.L. CIF: 36749075.</i>	80	20	100
2	<i>IAN RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L. CIF: B15448004</i>	76,94	20	96,94
3	<i>JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L.U CIF: B36863074</i>	71,23	5,91	77,14

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSPP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resguardo da garantía definitiva”.*

*Terceiro.- En data 29 de decembro de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, COSTAS Y OTERO, S.L., que presenta a documentación requirida no mesmo día, dentro do prazo concedido ó efecto.*

*Cuarto.- En data 29 de decembro de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COSTAS Y OTERO, S.L., tal e como desprendese do informe de valoración das ofertas do director técnico do Servizo de Deportes, de 28 de decembro de 2016.*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Adxudicar a COSTAS Y OTERO, S.L., o procedemento negociado para a contratación do subministro b) de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (718-611) por un prezo de 50.215 € (IVE incluído) e un incremento do prazo de garantía de 96 meses.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(1442).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA A REPOSICIÓN DE DIVERSOS APARELLOS PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS (GRUPO ASPIRACIÓN, EQUIPO DE EXCARCELACIÓN, XERADOR DE CORRENTE E COMPRESOR DE AIRE). EXPTE. 4335/213.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/12/16, dáse conta do informe-proposta do 30/12/16, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire), de 9 de setembro de 2016 (PCAP).

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 9 de setembro de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire), e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

**Segundo.-** En data 2 de novembro de 2016, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo acordou “Excluír do procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213) á empresa GAM ESPAÑA SERVICIOS DE MAQUINARIA, SLU por non cumprir os requisitos de presentación da documentación esixidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación e no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas”.

**Terceiro.-** En data 5 de decembro de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:



*“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de decembro de 2016, dos licitadores que deseguido se relacionan, por non cumprir a documentación técnica achegada nas súas proposicións, (segundo esixencia do apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares) co prego de prescricións técnicas particulares:*

- Lote 2 (equipo de excarceración): INDUSTRIA GLOBAL SUPPLY, S.L.
- Lote 3 (xerador de corrente QES30): ELIAS JADRAQUE, S.A.
- Lote 4 (compresor de cargado de aire respirable): ELIAS JADRAQUE, S.A. e DRAGER SAFETY HISPANIA, S.A.

*Segundo.- Declarar deserto o lote 2 “equipo de excarceración” xa que o único licitador presentado a este lote, INDUSTRIA GLOBAL SUPPLY, S.L., foi excluído da licitación por acordo adoptado pola Mesa Contratación o 5 de decembro de 2016.*

*Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do **Subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)** na seguinte orde descendente:*

- Lote 1 (grupo de aspiración HFS HYDROSUB 60):

<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
ITURRI, S.A.	100

- Lote 3 (xerador de corrente QES30):

<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
SIELVIGO, S.L.	100
ITURRI, S.A.	40,54

- Lote 4 (compresor de cargado de aire respirable):

<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
ITURRI, S.A.	100

*Cuarto.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ITURRI, S.A. (lotes 1 e 4) e SIELVIGO, S.L. (lote 3) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Quinto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.805,91 euros (601,97 por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Cuarto.-** En data 16 de decembro de 2016, este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ITURRI, S.A., e SIELVIGO, S.L., que presentan a documentación requirida en datas 27 e 28 de decembro de 2016 respectivamente dentro do prazo concedido ó efecto.

**Quinto.-** En data 29 de decembro de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

**Sexto.-** En data 29 de decembro de 2016 a Mesa de contratación do Concello de Vigo acordou formular á Xunta de Goberno Local a proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213) .

**Sétimo.-** En data 29 de decembro de 2016, a Intervención Xeral, no informe de fiscalización, pon de manifesto que:

“Tras a revisión do expediente ponse de manifesto que tras a aplicación dos criterios fixados na cláusula 17 do PCAP para considerar que as ofertas presentadas contén valores anormais ou desproporcionados, verifícase que a oferta presentada pola empresa que propónse como adxudicataria do Lote 3 (SIELVIGO, SL), estaría incurso nesta circunstancia, e non consta no expediente o cumprimento da tramitación que a lexislación contractual prevé ao efecto no artigo 152 do TRLCSP.

A estes efectos indicar que a porcentaxe da baixa ofertada por SIELVIGO, SL é do 30,24%, mentres que o límite porcentual da presunción de ofertas anormais ou desproporcionadas, segundo os citados criterios, é do 29,19%.

En consecuencia, antes de elevar á XGL a proposta de adxudicación ao Lote 3 deberá seguirse a tramitación prevista ao efecto, polo que no presente intre non procede a fiscalización de conformidade da proposta de adxudicación ao citado Lote 3”.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ITURRI, S.A., para os lotes 1 e 4, tal e como desprendese do informe de valoración das ofertas do oficial xefe do servizo de Bombeiros, de 2 de decembro do mesmo ano.

**Terceiro.-** A nosa lexislación contractual, no caso de que nun procedemento de licitación se presenten ofertas que inclúan valores anormais ou desproporcionados impón a apertura dun procedemento contraditorio no que se de trámite de audiencia aos licitadores cuxas ofertas presuntamente inclúan valores ou desproporcionados para que xustifiquen os mesmos. Así o artigo 152.3 do TRLCSP establece que “3. Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia ao licitador que a presentou para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado. No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente. Si a oferta é anormalmente baixa debido a que o licitador obtivo unha axuda de Estado, só poderá rexeitarse a proposición por esta única causa si aquel non pode acreditar que tal axuda concedeuse sen contravenir as disposicións comunitarias en materia de axudas públicas. O órgano de contratación que rexeite unha oferta por esta razón deberá informar diso á Comisión Europea, cando o procedemento de adxudicación refírase a un contrato suxeito a regulación harmonizada”.

Así, no caso que nos ocupa, detectada a existencia dunha oferta con valores anormais, a formulada por SIELVIGO, S.L., ao lote 3, é preciso solicitarlle a xustificación dos presuntos valores anormais da súa oferta. En consecuencia, procede deixar sen efecto a proposta de adxudicación deste lote formulada pola Mesa de contratación e retrotraer o procedemento para solicitarlle a citada xustificación.

**Cuarto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*1º.- Retrotraer a tramitación do lote 3 ao momento anterior á clasificación de licitadores en orde descendente e solicitarlle a SIELVIGO a xustificación dos valores*

*anormais ou desproporcionados da súa oferta, consonte ao previsto no artigo 152.3 do TRLCSP.*

*2º.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación do Concello de Vigo, de data 2 de novembro de 2016, de "Excluír do procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213) á empresa GAM ESPAÑA SERVICIOS DE MAQUINARIA, SLU por non cumprir os requisitos de presentación da documentación esixidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación e no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas".*

*3º.- Adxudicar o procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213):*

- Lote 1: a ITURRI, S.A., por un prezo de 136.596,90 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 5 anos.*
- Lote 4: a ITURRI, S.A., por un prezo de 70.512,75 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 5 anos.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."*

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(1443).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DAS CAMELIAS, ENTRE A RÚA DOUTOR MARAÑÓN E A RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ. EXPTE. 3969/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 30/12/16, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

*"A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2016 as 13.00 horas, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

#### *2.- Proposta de adxudicación.*

- a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440)*

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSF).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización a) da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez, de 31 de agosto de 2016 (PCAP).*

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 31 de agosto de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto para a contratación das obras de humanización a) da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440), e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

**Segundo.-** En data 27 de decembro de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión de data 27 de decembro de 2017 de “Desestimar as alegacións formuladas por CONSTRUCCIONES FECHI, SLU, ao informe de valoración do “Sobre B, proposición avaliable mediante xuízo de valor”, do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, a técnica media de obras públicas, o xefe da oficina de supervisión de proxectos e o xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, de data 16 de decembro de 2016, polas razóns expostas no informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, de data 26 de decembro de 2016”.*

*Segundo.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440) aos licitadores UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU; HORDESCON, SL; EXTRACO, SA; COPCISA, SA, DESMACO, S.L.; UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.-FEVISA; CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU; ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA, S.A.; CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L; ELSAMEX, S.A.; ESPINA Y DELFIN, S.L. e CONSTRUCCIONES VALE, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter xustificado os mesmos.*

**Terceiro.-** Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
<b>1</b>	<i>MISTURAS, S.A.</i>	<i>95,46</i>
<b>2</b>	<i>CIVIS GLOBAL, SLU</i>	<i>91,54</i>
<b>3</b>	<i>AVAN INTEGRAL, SL</i>	<i>90,93</i>

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
4	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,71
5	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	89,99
6	UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S L Y CONST. OREGA, S L	87,71
7	O3 SERVICIOS Y CONTRATAS, S L -OGMIOS PROYECTO, S L	87,18
8	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S A	86,25
9	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	85,98
1 0	NAROM, S.L.	84,69
1 1	UTE EXCAVACIONES Y CONST. LAUREANO COVELO, S A-ALVAC S A	83,97
1 2	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A - MARCONSA	83,43
1 3	UTE ACEVI, SL-MONTAJES J.M. IGLESIAS, S L	82,31
1 4	ORESA, S L	82,00
1 5	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S A	80,75
1 6	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA.	76,98
1 7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S L	72,78

*Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resgardo da garantía definitiva.*
5. *Resgardo da garantía complementaria por importe de 32.140,45 €.*

*Quinto.- Requirir a citado licitador o aboamento de 654,12 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Terceiro.-** *En data 23 de decembro de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A., que presenta a documentación requirida en data 28 de decembro de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.*

**Cuarto.-** En data 28 de decembro de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A., tal e como desprendese dos informes de valoración das ofertas do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, do xefe da oficina de supervisión de proxectos, e a técnica media de obras públicas, de data 16 de decembro de 2016; e do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, de 26 de decembro do mesmo ano.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440) por un prezo de 777.798,89 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 181 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1444).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR LOTES, DAS OBRAS DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DE PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NA PISTA VERMELLA DO COMPLEXO DEPORTIVO DAS TRAVESAS E DA INSTALACIÓN DE PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS. EXPTE. 15265/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 30/12/16, do director técnico do Servizo de Deportes, conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

Antecedentes.-

–A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14/10/2016, aprobou o PCAP, onde se indica a financiación do gasto, coas seguintes anualidades:

		<b>2016</b>	<b>2017</b>
<b>Lote nº 1</b>	107.278,25 €	96.278,25 €	11.000,00 €
<b>Lote nº 2</b>	112.721,74 €	100.721,74 €	12.000,00 €
	219.999,99 €	196.999,99 €	23.000,00 €

–A Mesa de Contratación, na sesión celebrada o día 29/12/2016, fai a seguinte proposta de adxudicación:

*“Adxudicar o procedemento aberto para a contratación d) das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333):*

- *Lote 1: a GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L., por un prezo de 97.889 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 60 meses.*
- *Lote 2: a CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., por un prezo de 112.721,74 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 120 meses.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

Proposta.-

*No vixente orzamento de gastos para 2016, existe a partida 3420.632.00.40 “Investimentos de reposición de pavimentos deportivos”. O importe total da proposta de adxudicación, supón un importe de 210.610,74 €, o cal imputarase con cargo á partida 3420.632.00.40 e a bolsa de vinculación (3420.632.00.00), coa seguinte distribución dos lotes (lote 1 “Instalación de pavimento deportivo elástico na pista vermella do complexo deportivo das Travesas” (97.889 euros) e Lote 2 “Instalación de pavimento deportivo elástico no pavillón polideportivo de Teis” (112.721,74 euros) con cargo ao crédito do ano 2016.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(1445).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NA PISTA**



## **VERMELLA DO COMPLEXO DEPORTIVO DAS TRAVESAS E DA INSTALACIÓN DE PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS. EXPTE. 15265/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 29/12/16, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

*“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2016 as 13.30 horas, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*2.- Proposta de adxudicación.*

*d) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333)*

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis, de 14 de outubro de 2016 (PCAP).*

### ANTECEDENTES

*Primeiro.- En data 14 de outubro de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis, e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.*

*Segundo.- En data 23 de decembro de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de decembro de 2016, da empresa DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. por exceder o prezo formulado na súa oferta, tanto para o lote 1 “Instalación de pavimento deportivo elástico na pista vermella do complexo deportivo das Travesas” como para o lote 2 “Instalación de pavimento deportivo elástico no pavillón polideportivo de Teis”, do orzamento base de licitación (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación).*

Segundo.- Excluir deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, consonte o informe asinado polos arquitectos municipais o 21 de decembro de 2016:

- Lote 1 "Instalación de pavimento deportivo elástico na pista vermella do complexo deportivo das Travesas": MONDO IBÉRICA, S.A.
- Lote 2 "Instalación de pavimento deportivo elástico no pavillón polideportivo de Teis": MONDO IBÉRICA, S.A. e GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "Instalación de pavimento deportivo elástico na pista vermella do complexo deportivo das Travesas"

	Empresas	Puntuación
1	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	84,81
2	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	29,10

- Lote 2 "Instalación de pavimento deportivo elástico no pavillón polideportivo de Teis"

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	29,10

Cuarto.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L. (lote 1) e CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.251,10 euros (625,55 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación".

*Terceiro.- En data 23 de decembro de 2016, este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., e GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L., que presentan a documentación requirida en datas 26 e 29 de decembro de 2016 respectivamente dentro do prazo concedido ó efecto.*

*Cuarto.- En data 29 de decembro de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L., para o lote 1 e por CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., para o lote 2 tal e como desprendese do informe de valoración das ofertas do arquitectos municipais, de 7 de decembro de 2016 e do xefe de área de Investimentos, de data 21 de decembro do mesmo ano.*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Adxudicar o procedemento aberto para a contratación d) das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333):*

- Lote 1: a GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L., por un prezo de 97.889 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 60 meses.*

- Lote 2: a CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., por un prezo de 112.721,74 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 120 meses.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(1446).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO FUNCIONARIO MUNICIPAL CON NÚM. DE PERSOAL 23337. EXPTE. 29208/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 28/12/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da Área de RR HH e Formación, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*“Recíbese na Área de Recursos Humanos expte 102606-140 , asinado polo Interventor Municipal e conformado polo Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda , solicitude de instrución de expediente administrativo conducente ao outorgamento ao funcionario adscrito a Intervención Xeral D. Javier Muradas Blanco, con NP 23337, polo especial rendemento, actividade excelente preparación e capacitación, demostrada durante o período 22-11-2015/27-10-2016, na realización de funcións correspondentes ao posto “Técnico de Contabilidade” e o incremento das funcións e responsabilidades encomendadas asociadas co desempeño do posto “Técnico de Intervención”, ao que se atopa adscrito segundo os criterios obxectivos e parámetros de cálculo que se indican no escrito.*

*Na solicitude informase por unha banda , dende o 22/11/2015 ata o 27/10/2016, a funcionaria adscrita ao posto 294 “Técnico de Contabilidade” atopouse de baixa por I.T sendo necesario, polo tanto, que determinadas funcións fosen desempeñadas por outro funcionario.*

*A tal fin, se lle encomendou internamente sin autorización previa ao descoñecerse a duración da baixa por I.T, ao funcionario D. Javier Muradas Blanco num persoal 23337 con posto “Técnico de Intervención”, baixo criterios de capacidade, preparación técnica e experiencia para o seu desempeño, diversas funcións do posto Cod 294*

*Por outra, dende o nomeamento do actual interventor xeral determinouse fixar como obxectivo da Intervención, en consenso cos servizos xestores, neste caso principalmente coas áreas de recursos humanos e emprego: que todas aquelas propostas, iniciativas, procedementos etc relacionados con materia de persoal, que conteñan ou poidan significar nun futuro dereitos ou obrigacións de contido económico, contén tanto na súa xestión como na súa posterior execución coa participación e intervención fiscal e económica desta intervención xeral,, co obxectivo de protexer legalmente a instrución dos procedementos administrativos neste ámbito e dotalos dunha maior transparencia, axilidade e eficiencia na súa tramitación e execución.*

Isto esta a suponer que , o posto de técnico de intervención que ata agora responsabilizabase da contabilidade, control económico-financeiro, e intervención crítica e de legalidade do desenvolvemento e execución dos gastos de persoal, vexa incrementada de forma substancial, as súas funcións e responsabilidades e requiran dun grao importante de implicación, coñecementos, preparación técnica e operatividade.

*Relacionanse no informe as funcións levadas a cabo polo funcionario proposto:*

*-Expedientes de modificación de crédito -xeración, transferencias, suplementos de crédito etc-, realizando a contabilización e fiscalización das modificacións de crédito 96/15 ao 116/15 do ano 2015 así como as tramitadas entre os meses de xaneiro e outubro de 2016, que se corresponden coas modificacións 1/16 a 66/16, e que supón a realización das seguintes tarefas:*

- a) Orientación, consello e resolución de dúbidas, en colaboración cos servizos xestores acerca da conveniencia, estado de execución e canle legal da modificación do orzamento que se pretende executar.*
- b) Contabilización da modificación de crédito que se incoa documentalmente, segundo norma orzamentaria e instrucións contables aplicables, expedición de documentos, comprobación da nivelación orzamentaria e asunción de responsabilidade mediante firma conformada polo responsable superior contable e o Interventor Xeral.*
- c) Emisión de informes e resolucións aprobatorias baixo a conformidade do Interventor Xeral.*

*-Tramitación de gastos e procedementos críticos e contables das indemnizacións e recoñecementos extraxudiciais., habendose tramitado, entre outros as seguintes:*

- d) Seguridade: Gastos ordinarios e mantemento Parking Praza Portugal*
- e) Educación: Xestión Escolas municipais*
- f) Policía Local: Servicio Radio comunicación y Renting de Vehículos.*
- g) -Vigozoo: Prestación do Servizo de Limpeza*
- h) Outros de carácter singular y excepcional procedentes de outras Areas Funcionales.*

*Estes traballos de xestión e administrativos levan o asesoramento e impulso en colaboración coa Area Xestora, contabilización das sucesivas fases de gasto, informe de fiscalización, e aceptación responsable co Interventor Xeral.*

*-Participación contable e de control na execución do presuposto de gastos e ingresos, realizando as tarefas que se relacionan :*

- i) -Execución contable do gasto e ingreso orzamentario nos expedientes e requerimentos responsabilidade do posto de técnico de contabilidade que lle foron encomendados, resolución e regularización dos erros contables, adecuación ás normas e instrucións previstas no PXCP aplicable ás Entidades Locais, emisión de*

*informes e certificados tanto para terceiros como para outras Institucións de carácter público ou privado.*

- j) Coñecemento dos procesos e aplicacións informáticas responsabilidade do posto de Técnico de Contabilidade, participación e impulso de iniciativas que redunden nunha maior axilidade e eficacia dos procesos contables.*
- k) -Colaboración, envío de información e resolución de dúbidas orzamentarias con diversos servizos municipais, en particular co servizos de administración de tributos e a área de seguridade mediante a elaboración ou emisión de listados xunto con outras ferramentas aclarativas ou bien a través dos recursos legais o financeiros disponibles, para a formación das análises dos indicadores de carácter económico indispensables para a formación das contas anuais, elaboración das ordenanzas e taxas municipais, coa importancia que isto conleva para unha mellor gestión dos recursos públicos dispoñibles.*
- l) Operacións contables e comprobación de ingresos orzamentarios en función dos traballos requeridos, responsabilidade do posto suplido, según as necesidades que foron surxindo o longo do período de referencia, en particular mandamentos de embargos, devolucións de ingresos indebidos, operacións de exercicios cerrados etc.*
- m) Operacións contables e fiscalización de gastos á marxe do Capítulo I "Gastos de Persoal", en particular as relacionadas co art. 20 "-Alugueres e Canones", art 23 "Indemnizacións por razón do servizo", e outras vinculadas cos mandatos emanados polas Instancias xudiciais que comportan recoñecementos a cargo desta Facenda Local.*
- n) Contabilización e fiscalización dos impostos, tributos e xestión de recursos doutras Administracións Públicas a cargo desta Entidade Local según requerimentos y obligaciones con cargo a esta Facenda Local.*

*-Incremento substancial das funcións e responsabilidades asociadas ao posto técnico de intervención*

- o) -Tarefas de asesoramento e intervención crítica de toda a xestión e propostas elaboradas nas áreas de recursos humanos e emprego, en particular pola súa dimensión, intensidade e impacto sobre o orzamento municipal, as relacionadas cos procesos administrativos das ofertas de emprego, convocatorias para o acceso ao emprego público, selección de persoal, nomeamentos e demais.*
- p) -Fiscalización, materialización contable e responsabilidade legal crítica de todos aqueles expedientes relacionados coas retribucións e incentivos a favor de persoal, contratacións temporais e nomeamentos interinos, autos xudiciais, gastos de carácter social e corporativo, programas e iniciativas no emprego municipal entre outras.*
- q) -Estreita colaboración cos técnicos do servizo de administración electrónica responsables das aplicacións e soportes informáticos de nóminas e contabilidade que desembocou en que os procesos relacionados cos gastos de persoal en materia de contabilidade, información interna e externa volvéronse extremadamente*

*áxiles e dotados de alto nivel de seguridade que redunda na eficacia e protección legal destes procedementos administrativos.*

- r) Manexo e grao de coñecemento dous programas informáticos de xestión de persoal, nóminas e contabilidade, non ámbito tanto dous recursos dispoñibles como a nivel de usuario, o que redunda en que os procedementos administrativos e de gasto intervidos polo técnico de intervención tramítense de forma áxil e eficaz e cun excelente grao de eficiencia resolutoria.*
- s) -Participación na xestión e Asunción dá responsabilidades en materia fiscal, contable e de legalidade do servizo municipal "promoción económica e emprego", coa importancia que iso leva para os intereses municipais ante a transcendencia social das materias e recursos xestionados.*

*-Desempeño de cometidos profesionais extraordinarios.*

*Á marxe das funcións acumuladas co posto indicado de "Técnico de Contabilidade", e das funcións das que debe responsabilizarse segundo a guía municipal, o Técnico de Intervención D. Javier Muradás Blanco, vén desempeñando unha serie de labores extraordinarios sexa por indicación do Interventor Xeral ou por atribución conferida por outros Organos competentes municipais que é necesario indicar dada a estreita vinculación co incentivo ao rendemento instado:*

- t) Asistente excepcional, como vogal ás Mesas de Contratación municipais en substitución do titular cando así é requirido. Esta participación solicítaselle cando así se estima por motivos de ausencia dos vogais titulares -permisos, vacacións, etc-, dada a cualificación técnica e grao de coñecemento que posúe.*
- u) Participación en reunións de carácter oficial ou membro de Comisións municipais en representación da Intervención Xeral ou da Entidade Local, entre as que se poderían citar as seguintes: Comisións de seguimento do funcionamento das listas de reserva, comisión de funcionarización do persoal laboral, e outras reunións acerca da seguimento e xestión de subvencións e axudas públicas, asesor económico permanente na Comisión do Fondo Social, membro en calidade de Secretario das comisións de Control do Plan e Fondo de Pensións.*

*Como criterios de calculo do complemento de produtividade proposto indicanse no informe os seguintes:*

*A) En base aos preceptos do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que as Administracións Públicas poderán asignar ás súas persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desempeñen sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o demanden, podendo aplicarse por tanto o seguinte baremo de asignación:*

*- No suposto da suplencia se podría considerar o seguinte fórmula liquidativa:*

*Retribucións brutas anuais posto "Técnico de Contabilidade" exercicio 2015. 44.104,06 euros.*

Período de cómputo equivalente á duración da baixa por incapacidade: 22-11-2015/27-10-2016 Fórmula de cálculo en base ás retribucións anuais do posto (RB): Total RBxdías de suplencia (340)/365 días: 41.083,23 euros.

\*Índice corrector sobre retribucións totais posto "Técnico de Contabilidade": 0,1180---correspóndese coa estimación obxectiva das funcións acumuladas do posto que asume o Técnico de Intervención en calidade de suplente, sobre as que ten asignadas o posto titular. Cantidade a indemnizar en concepto de produtividade:  $41.083,23 \times 0,1180 = 4.850$  euros/ período.

-No suposto ducha maior carga de traballo e responsabilidade do posto "Técnico de Intervención", podería formularse o seguinte módulo indemnizativo.

Retribucións brutas anuais posto "Técnico de Intervención" exercicio 2016 44.545,10 euros.  
Período de cómputo : ano 2016

\*Índice corrector estimativo do incremento das funcións profesionais e maior responsabilidade do posto de traballo: 0,1064

Cantidade a indemnizar en concepto de produtividade:  $44.545,10 \times 0,1064 = 4.850$  euros

B) Seguindo Instrucións de persoal: preveen a adxudicación dun incentivo de produtividade pola acumulación de funcións doutro posto por vacante ou ausencia do titular. Neste suposto ao tratarse da acumulación dun posto de traballo vacante por motivos de urxencia, correspondería unha indemnización equivalente ao complemento de destino do posto acumulado "Técnico de Contabilidade", de tal forma que resultaría o seguinte baremo de asignación en terminos retributivos:

- Complemento de destino anual posto "Técnico de Contabilidade" exercicio 2016. 9.872,66 euros.

Período de cómputo equivalente á duración da baixa por incapacidade: 22-11-2015/27-10-2016

Fórmula de cálculo segundo Instrucións de Persoal: Total cd\*días de suplencia (340)/365 días: 9.196,45 euros.

\*Índice corrector sobre Cd: 0,5273---correspóndese coa estimación obxectiva das funcións acumuladas do posto que asume o Técnico de Intervención en calidade de suplente, sobre as que ten asignadas o posto titular, sobre a base estimativa do total do complemento de destino, que se correspondería cun índice corrector do 0,1180 sobre o total de retribucións por todos os conceptos, como se expón no parágrafo A) anterior.

Cantidade a indemnizar en concepto de produtividade:  $9.196,45 \times 0,5273 = 4.850$  euros/ período.

Dado que a solicitude de aboamento de produtividade trae orixe no desempeño por parte do funcionario D Javier Muradas Blanco dalgunhas das funcións correspondentes ao posto de Técnico/a de Contabilidade amais da maior carga de traballo e responsabilidade do posto "Técnico de Intervención" no ano 2016 proponse como formula de calculo a utilizacion dos dous paramentros propostos no informe de xeito que :

.- Pola realización das tarfeas encomendadas do posto vacante "Técnico de Contabilidade", por IT da súa titular no periodo 22-11-2015/27-10-2016, tendo en conta o contemplado nas instruccións sobre plantilla vixentes no relativo a acumulacion de funcións de posto vacante ou por ausencia do seu titular , no que se contempla o aboamento do complemento de destino do posto acumulado, toda vez que non foron encomendadas a totalidade das mesmas:



Importe destino anual posto acumulado: 9872,66€  
Importe segundo días suplencia: 9196,45€  
% de funcións acumuladas do posto vacante: 15,00%  
Importe proposto:  $9196,15 \times 15\%$ : 1379,47 €

- En relación co incremento da carga de traballo e responsabilidade do posto "Técnico de Intervención" no ano 2016 estimase a mesma nun 7,50%, polo que , en relación coas retribucións anuais do posto que supoñen un total de 45545,10 € proponse a cantidade de 3415,88 €

Polo que a proposta de aboamento supón un total de 4795,35€

Toda vez que o complemento de produtividade ven definido na vixente lexislación como aque destinado a retribuir un especial rendemento, actividade extraordinaria e interés e iniciativa con que os funcionarios desempeñan o seu traballo, polo tanto esta a retribuir a contribución do empregado público a organización.

Ata a data, a medición da contribución do empregado público non se ven realizando dada a ausencia de implementación de técnicas axeitadas , alexadas da cultura burocrática aínda existente nas organizacións públicas, de xestión dos recursos humanos

A xustificación do outorgamento dun complemento de produtividade ven dado pola consecución dos obxectivos asignados a súa unidade administrativa

A produtividade a de entenderse como un incentivo ao rendemento, entendendo incentivo de xenerador dun proceso que activa, dirixe e mantén un determinado comportamento , sendo este motivado por factores intrínsecos e/ou extrínsecos , sendo o máis obvio o económico, as retribucións asociados ao rendemento.

O devengo de dito complemento habera de ser proporcional as funcións desenvolvidas , sendo necesario o efectivo desempeño das actividades e funcións, tendo en conta a calidade do traballo desenvuelto, a iniciativa e autonomía con que se desenvolve e a dispoñibilidade e actitude positiva mostrada polo empregado municipal, sendo estes apreciados polo seu superior xerárquico.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Este réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudir ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñan os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :*

*Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.*

*O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:*

*1.-Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo*

*2.- Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*

*Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes*

*sindicais e aos funcionarios da Corporación.*

*A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

*–Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*

*–Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente.*

*–Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*

*Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.*

*NA Area de Recursos Humanos e Formación non consta petición algunha de realización de encomenda de funcións do posto vacante, aínda que como se recolle no informe da xefatura da Área de Mobilidade e Seguridade, o funcionario D. Manuel Monroy Castro (NP 82.191), adscrito ao posto de Enxeñeiro Técnico na Área de Mobilidade e Seguridade, ven a asumir funcións correspondentes ao posto vacante o que supón un aumento do volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales, neste caso a existencia de posto vacante de enxeñeiro técnico na Área.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- Aprobar como criterios obxectivos de cálculo o aboamento do 15% do complemento de destino do posto “Técnico de Contabilidade”, polo desempeño dalgunhas das funcións do posto, no período de IT da súa titular no período 22-11-2015/27-10-2016, segundo o contemplado nas vixentes instrucións de plantilla para os supostos de acumulación de funcións de posto supoñendo este un importe de 1379,47 € así como o incremento da carga de traballo e responsabilidade do posto “Técnico de Intervención” no ano 2016 estimado nun 7,50%, polo que, en relación coas retribucións anuais do posto supoñen a cantidade de 3415,88 €. A cantidade total ascendería a 4795,35€.*

- *Acordar o outorgamento ao funcionario D Javier Muradas Blanco (NP 23337), adscrito ao posto de Tecnico de INtervencion Xeral, un complemento de produtividade polo, polo especial rendemento, a actividade extraordinaria, interese e iniciativa con que esta a desempeñan as función do seu posto durante o ano 2016 asi como pola realización dalgunhas funcions do posto "Técnico de Contabilidade" mentras a duración da baixa por IT d titular do mesmo*
- *Comprometer o gasto total de 4795,35 a aboar en concepto de produtividade ao funcioanrio D. Javier Muradas Blanco (NP 233371),adscrito ao posto "Tecnico de INtervencion Xeral"con cargo a partida 92001500000*

*Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento."*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."*

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(1447).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR FUNCÍONS E ACTIVIDADES ESPECIAIS E EXTRAORDINARIAS DO FUNCIONARIO MUNICIPAL CON NÚM. DE PERSOAL 76156. EXPTE. 29159/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 20/12/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*"Considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Basico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustificuen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestion Muncipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo distintos dos que se atopan adscritos,, con carácter estrictamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares.*

*En data 14/09/2016, o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisional e transitoriamente ao funcionario municipal D Victor Martinez Oya , con N.P. 79156 e adscrito ao posto codg Rtb 105 "Administrativo", as funcións, entre outras, Redacción de convenios e tramitación dos expedientes relativos aos mesmos; informes de xustificación de convenios; expedientes de contratación de gasto maior de espectáculos artísticos; contratos de gasto menor, tramitación de facturas e seguimento das actividades fora da xornada laboral, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter transitorio e sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito, como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Concelleira da Área relacionadas cós servizos adscritos a mesma.*

*Dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais e en todo caso terá unha duracion maxima de tres meses, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento, grado de satisfaccion no desempeño das mesmas e acompañarase de listado de control de presenza. O exceso de xornada non será compensable con descansos, compensacion ou redución de xornada nin aboable*

*En data 19/12/2016 recibese documento 160170420 no que o Xefa do Servizo de Festas co conforme da Concelleira Delegada da Area , relacionan as tarefas realizadas polo funcionario Municipal D Victor Martinez Oya segundo a encomenda realizada.*

*Incorpórase ao expediente as listaxes de control horario do período setembro-décembro 2016.*

*Acreditase no informa da xefatura as funcións desenvolvidas, entre as que se atopan as seguintes:*

- a) Redacción e tramitación de expedientes de convenios*
  - Redacción e tramitación do expediente do convenio de colaboración coa Federación de Peñas recreativas El Olivo para a organización da Festa do Magosto (expte 6639/335);*
  - Notificacións á Federación de Asociacións veciñais Eduardo Chao e redacción de informe proposta de resolución para o expediente de convenio de colaboración para a organización do programa Move Vigo (expte. 6645/335);*
- b) Informes de xustificación de convenios*
  - Xustificación do pagamento do convenio para a organización da Festa da Sardiña (expte 6627/335);*
  - Xustificación do pagamento do convenio para a organización de "O Marisquiño" (expte 6628/335);*
  - Xustificación do pagamento do convenio para a organización da Festa do Mexillón (expte 6634/335);*
  - Xustificación do segundo pagamento do convenio para a organización do programa "Vigo un mar de corais" (expte 6653/335);*

- Xustificación do segundo pagamento do convenio para a organización dos programas “Vigo un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas” (expte 6655/335);
  - Xustificación do pagamento do convenio para a organización do Festival poético piromusical de Bouzas (expte 6662/335);
  - Xustificación do pagamento do convenio para a organización da Festa do Magosto (expte 6692/335);
  - Xustificación do pagamento do convenio para a organización da Festa do Polbo (expte 6693/335);
  - Xustificación do pagamento do convenio para a organización do programa Vente con Nós (expte 6701/335);
  - Xustificación do terceiro pagamento do convenio para a organización do programa “Vigo un mar de corais” (expte 6702/335);
  - Xustificación do terceiro pagamento do convenio para a organización dos programas “Vigo un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas” (expte 6704/335).
- c) Expedientes de contratación de gasto maior
- Contrato de servizos para o deseño e produción de catro carrozas para a Cabalgata de Reis 2017 polo procedemento negociado con publicidade (expte 6632/335).
- d) Expedientes de contratación de gasto menor
- Contrato de servizos para a organización dun Serán tradicional no Calvario con motivo do Samaín (expte 6664/335);
  - Contrato privado para a animación Lume na rúa Príncipe con motivo do Samaín (expte 6665/335);
  - Contrato de servizos para obradoiros infantís con motivo do Samaín (expte 6666/335);
  - Contrato de servizos para a produción e distribución de material gráfico para as actividades do Nadal 2016 (expte 6684/335) e Bases de produción técnica;
  - Contrato de servizos para a animación Carteiro real por barrios e zonas comerciais (expte 6688/335);
  - Contrato de servizos para a elaboración dun Plan de autoprotección para a Cabalgata de Reis (expte 6708/335).
- e) Tramitación de facturas
- Tramitación e seguimento de todas as facturas que entraron no Servizo de Festas durante o período da encomenda;
  - Anulación das facturas incorrectas que entraron neste período.
- f) Seguimento das actividades fóra da xornada laboral
- Seguimento das actividades do Samaín no barrio do Calvario o 31 de outubro (cinco horas);
  - Seguimento da actividade Magosto na praza do Berbés o 12 de novembro (dúas horas e media).
- g) Outras tarefas
- Seguimento do orzamento do servizo (control de gasto, anulacións de sobrantes de reservas de crédito, ampliacións de reserva de crédito);
  - Seguimento da información relativa ao Servizo de Festas na páxina web municipal do Portal de transparencia;
  - Expedientes de rendición de contas á Xunta de Goberno local dos contratos menores asinados pola concelleira delegada de Festas (exptes. 6649/335, 6682/335 e 6700/335);
  - Xeración de crédito polo convenio de patrocinio de Vodafone España SAU (expte 6652/335);
  - Bases de participación para o concurso Vente cos Reis Magos 2016/17 (expte. 6679/335) así como a súa difusión;
  - Coordinación dos contidos dos soportes publicitarios de todas as campañas de comunicación de difusión de actividades;

- Bases técnicas para o contrato de montaxe, seguimento e desmonte da comitiva da Cabalgata de Reis 2017;
- Modificación de créditos por transferencia á aplicación Festas de Vigo (expte. 6694/335);
- Traballos preparatorios para a celebración da Cabalgata de Reis 2017.

*Facnedo constar a total satisfacción da xefatura no desempeño por parte do funcionario das tarefas anteriormente relacionadas.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento legislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.*

*Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas*

*relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :*

*Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.*

*O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:*

*Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo  
Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*

*Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.*

*A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das suas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

- Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*
- Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo organo competente.*
- Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*
- Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con*



*arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.*

*As tarefas a desenvolver correspondese coas asignadas ao posto Codg 179-Tecnico de Xestion, polo que , os criterios obxectivos de asignacion de complemento de produtividade seran os esixibles para o aboamento deste complemento pola desempeño de posto de categoria superior, tal e como se recolle nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo , concretadas na existencia de informe do xefe de servizo, ou superior xerárquico, no que se fagan constar as tarefas efectivamente desempeñadas pola funcionario no período considerado, así como o grado de satisfacción no desempeño das mesmas, maior presenza horaria segundo o sistema de control de presenza e realización do calculo do importe segundo os días efectivamente traballados”*

*Asi mesmo e como xa se mencionou con anterioridade, considérase a urxencia de implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, a reestruturación de áreas e servizos, dentro da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais, que den lugar a eliminación ou como menos a minimización da realización de encomendas de funcións, e que , no caso de ser inevitables, se enfatice o seu carácter estrictamente provisional.*

*As solicitudes de realización de encomendas de funcións deberán estar debidamente motivada e xustificada a súa urxencia e necesidade (IT longa duración, imposibilidade de redistribución de tarefas entre os efectivos do servizo, asignación de funcións non atribuíbles a outros postos, xustificación da imposibilidade de realización das funcións e tarefas encomendadas polos efectivos existentes, etc) e sempre que resulten axeitadas á clasificación, grao ou categoria profesional.*

*No caso de asignación de funcións de postos de categoria superior, poderíase contemplar a posibilidade de adscripción provisional por un período máximo definido, condicionado a realización satisfactoria das funcións do posto.*

*Asi mesmo, considerase imprescindible a redefinición de parámetros de asignación de complementos de produtividade nos casos de acumulación de funcións, incluídos nas vixentes instrucións de plantilla.*

*Por outra banda, nos acordos de encomendas de funcións non se contempla a delegación no Concelleiro da Área de Xestión Municipal a a tramitación dos expedientes en execución das encomendas en canto a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas.*

*Nas solicitudes de aboamento relacionase as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e anexase ao presente expediente o listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas. Dito exceso de xornada non foi compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable, lembrando que constitúe responsabilidade dos respectivos xefes/as de servizo a correcta reordenación das cargas de traballo dos efectivos ao seu cargo, de xeito que non se xeneren situacións de desempeño de máis de un posto en franxa horaria simultánea.*

*Polo tanto, o complemento de produtividade proposto son consecuencia da previa asignación ao persoal de funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolven, ao abeiro do disposto no artigo 73.2 do TREBEP.*

*Consta no expediente resolucións de encomenda de funcións a prol do empregado municipal.*

*As resolucións de encomendas de funcións respectan o límite temporal do exercicio orzamentario.*

*Achegase no expediente informe do superior xerárquico, nos que se fai constar as tarefas efectivamente desempeñadas polo funcionario no período considerado, así como a avaliación do desempeño das mesmas.*

*Incluese no presente informe os días que o/a funcionario/a afectado/a efectivamente ocupase o seu posto de traballo dentro do período considerado, de acordo cos sistemas de control de presenza establecidos (ficha ou similar), nos casos nos que para o calculo de produtividade proposta se realice conforme ás vixentes Instrucións sobre plantilla e RPT, no suposto de acumulación de funcións (importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado), resultando acreditada unha maior adicación horaria minimamente significativa, tal e como dispoñen as vixentes IPRPT, non sendo retribuídos os días de ausencia.*

*No presente caso, o funcionario D Víctor Martínez Oya non disfrutou de vacacións nin A.P. Nin tivo baixa por It no período comprendido entre o 15/09/2016 ao 15/12/2016, polo que corresponderalle o aboamento da cantidade de 1907,01€ (Diferencias retributivas entre o posto Codg Rtb 105 "Administrativo" (CD: 421.43 € CE 652.33 €) e o posto Codg Rtb 179 "Técnico de Xestión" (CD 625.67€ CE 1083.76€) polo período 15/09/2016-15/12/2016 con cargo a aplicación orzamentaria 9220.1500000 "Productividade" do orzamento do presente exercicio.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- Outorgar ao funcionario D Víctor Martínez Oya, con NP 76156, un complemento de produtividade polo desempeño das funcións encomendadas segundo resolución de data 14/09/2016, polo período comprendido entre o 15/09/2016 ao 15/12/2016, por importe de 1907,01€*
- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 1907,01€ en concepto de produtividade a favor do funcionario relacionado, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 "Productividade".*

*Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento."*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1448).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR FUNCIÓNS E ACTIVIDADES ESPECIAIS E EXTRAORDINARIAS DO FUNCIONARIO MUNICIPAL CON NÚM. DE PERSOAL 82191. EXPTE. 29172/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 26/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa da Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*“Recíbese na Area de Recursos Humanos expte 99739-210 , asinado polo Xefe da Area de Mobilidade e Seguridade e conformado polo Concelleiro-delegado de Xestión Municipal , solicitude de tramitación de proposta de produtividade pola que se aprobe unha asignación de 7.663,09 €, correspondente ao ano 2016 para o funcionario de carreira con posto de traballo de Enxeñeiro Técnico de Mobilidade e Seguridade, D. Manuel Monroy Castro e nº de persoal 82.191, polo seu especial rendimento, actividade extraordinaria, iniciativa e interese no desenvolvemento das tarefas propias do seu posto que, por razón da vacante do outro posto vacante na Área de EnxeñeiroTécnico Industrial, acumula as funcións deste último e que ven desempeñando con notable eficacia baixo a miña superior dirección.*

*Basease dita petición en que na Area de Mobilidade e Seguridade, existen dous postos de enxeñeiro técnico, un deles vacante dende 05/03/2014, data dende a que o titular do posto de enxeñeiro técnico ven desempeñando todas as funcións propias dos dous postos, de xeito plenamente eficaz (aínda que difícilmente soportable) en beneficio do servizo.*

*Informase que D. Manuel Monroy Castro esta a realizar, baixo a supervisión da Xefatura da Area a coordinación das actuacións de Inspectores, Delineante, técnicos do Centro da Xestión da Mobilidade e dos administrativos da Área en relación ás seguintes actividades:*

*A.- Solicitudes de ocupación da vía pública:*

- Andamios e marquesinas*
- Elevadores*
- Reservas para carga e descarga por obra*
- Reservas por obra*
- OVP por obras urxentes*
- Requerimentos e devolucions de avales*
- Permisos anuais de circulación de vehículos pesados.*
- Informes relativos á ocupación por mesas e cadeiras en terrazas*

*En 2016 tramitaronse 2.655 solicitudes nesta materia.*

*B.- Entradas de carruaxes:*

*Le corresponde elaborar o informe técnico. En 2016 tramitaronse 211 solicitudes.*

*C.- Eventos a celebrar na vía pública.*

- Festas populares*
- Eventos deportivos*
- Eventos culturais*
- Festas parroquiais*
- Rodaje de anuncios y películas*

*D. Manuel Monroy coordina la seguridad de dichos eventos (requisitos técnicos de las instalaciones, planes de autoprotección).*

*En 2016 tramitáronse 1.027 solicitudes.*

*D.- Proxectos de humanizacións.*

- Informar o proxecto no referente á mobilidade peonil e de vehículos.*
- Estudo e planificación dos plans de tráfico necesarios para acadar á maior fluidez e seguridade garantizando á correcta e rápida execución das obras.*
- Asistir e colaborar nas reunións da Área de Fomento para levar a cabo as obras coa maior celeridade e nas mellores condicións posibles.*
- Informes de recepción das obras.*

*En 2016 tramitáronse 33 expedientes.*

*E.- Centro de Xestión da Mobilidade.*

- Coordinación dos traballos de optimización da rede semaforica en colaboración cos técnicos especialistas do Centro e a propia concesionaria.*
- Estudo e proposta de novos proxectos para novas instalacións ou remodelación das existentes.*
- Estudo e proposta de novas regulacións das interseccións semaforicas, ou mesmo mellora das existentes, por necesidades por novas (obras, eventos o calquera outra circunstancia que o requira).*
- Control da correcta execución orzamentaria.*

*En 2016, o orzamento dedicado ás instalacións semaforicas acadou un importe de 3.118.000 €.*

*F.- Sinalización vertical.*

*O Concello ven prestando servizo sobre uns 4.500 metros cuadrados de calzada da su competencia.*

*Cun orzamento anual de 480.000 €, que en 2017 pasa a ser de 600.000 €, D. Manuel Monroy vén controlando a correcta execución do contrato e propoñendo activamente continuas melloras na sinalización horizontal e vertical con notable eficiencia en beneficio da seguridade viaria.*

*G.- Protección Civil*

*No exercicio da coordinación e supervisión de eventos a celebrar na vía pública, D. Manuel Monroy estende ditas facultades á propia Agrupación de Protección en funcións de servizo público.*

*H.- Queixas e suxestións.*

*En 2016, e en relación coas competencias propias desta Área presentáronse 1.551 solicitudes por distintos medios (Rexistro Xeral, 010, Facebook, Radio, TV, Twitter...).*

*Todas as solicitudes foron estudadas por D. Manuel Monroy, e contestadas dando lugar no seu caso a medidas específicas.*

*I.- Redacción de pregos para a licitación de servizos.*

*En 2016, D. Manuel Monroy tamén colaborou activamente coa Xefatura de Área na elaboración da Memoria Xustificativa e dos Pregos Técnicos para a licitación dos servizos públicos de sinalización horizontal e vertical e de estacionamento regulado e controlado mediante parquímetros na vía pública (XER).*

*J.- Proxectos europeos de mobilidade.*

*En 2016 D. Manuel Monroy tamén colaborou activamente coa Xefatura de Área nos proxectos con financiación europea COMPASS 4D, CO-GISTICS e AUTOPILOT, relativos a mobilidade sostible (eficiencia enerxética) e segura (a través do estudo e implantación das tecnoloxías cooperativas "ITS"), e vehículo autónomo (AUTOPILOT).*

*Igualmente, participa activamente coa Xefatura de Área na colaboración permanente que o Concello mantén co Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) en relación con outros proxectos europeos da competencia da Área no eido do Horizonte 2020.*

*Indicase no informe da especial iniciativa mostrada polo funcionario, toda vez que, en virtude da súa competencia técnica, iniciativa e singular interese no desenvolvemento das tarefas propias do seu posto, esta Xefatura de Área lle ten encomendado a iniciativa para elaborar a orde do día das reunións semanais da Área, así como coordinar calesquera propostas de mellora vinculadas á mesma.*

*Por outra banda sinalase a carga de traballo que ven desempeñando D. Manuel Monroy Castro , correspondéndose co desempeño dos dous postos de enxeñeiro técnico existentes na área, desempeñando todas as funcións sinaladas ,absolutamente indispensables para o normal funcionamento do servizo, en relación coa mobilidade e a seguridade viaria.*

*Toda vez que o complemento de produtividade ven definido na vixente lexislación como aque destinado a retribuír un especial rendemento, actividade extraordinaria e interese e iniciativa con que os funcionarios desempeñan o seu traballo, polo tanto esta a retribuír a contribución do empregado público a organización.*

*Ata a data, a medición da contribución do empregado público non se ven realizando dada a ausencia de implementación de técnicas axeitadas , alexadas da cultura burocrática aínda existente nas organizacións públicas, de xestión dos recursos humanos*

*A xustificación do outorgamento dun complemento de produtividade ven dado pola consecución dos obxectivos asignados a súa unidade administrativa*

*A produtividade a de entenderse como un incentivo ao rendemento, entendendo incentivo de xenerador dun proceso que activa, dirixe e mantén un determinado comportamento , sendo este motivado por factores intrínsecos e/ou extrínsecos , sendo o máis obvio o económico, as retribucións asociados ao rendemento.*

*O devengo de dito complemento habera de ser proporcional as funcións desenvolvidas , sendo necesario o efectivo desempeño das actividades e funcións, tendo en conta a calidade do traballo desenvolvido, a iniciativa e autonomía con que se desenvolve e a dispoñibilidade e actitude positiva mostrada polo empregado municipal, sendo estes apreciados polo seu superior xerárquico.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de*

Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Este réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :

Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.

O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

- 1.-Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo
- 2.- Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.

Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.

A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

- Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.
- Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo organo competente.
- Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.

Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.

NA Area de Recursos Humanos e Formación non consta petición algunha de realización de encomenda de funcións do posto vacante, aínda que como se recolle no informe da xefatura da Area de Mobilidade e Seguridade, o funcionario D. Manuel Monroy Castro (NP 82.191), adscrito ao posto de Enxeñeiro Técnico na Area de Mobilidade e Seguridade, ven a asumir funcións correspondentes ao posto vacante o que supón un aumento do volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales, neste caso a existencia de posto vacante ede enxeñeiro técnico na Area.

Como criterio de cálculo propónse o aboamento da cantidade correspondente ao 40% do complemento de destino do posto do que se esta a realizar as funcións (posto acumulado), tendo en conta o exceso de xornada anual recollido no sistema de control de presenza, os períodos de vacacións e períodos disfrutados polo funcionario e a inexistencia de baixas por IT no presente ano.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real

Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- a) Aprobar como criterio obxectivo de calculo do importe a aboar a cantidade correspondete ao 40% do complemento de destino do posto do que se esta a realizar as funcions (posto acumulado), tendo en conta o exceso de xornada anual recollido no sistema de control de presenza, os periodos de vacacions e premisos disfrutados polo funcionario e a inexistencia de baixas por IT no presente ano e acordar o aboamento da cantidade de 3065,23 € ao funcionario D. Manuel Monroy Castro (NP 82.191), Enxeñeiro Técnico na Area de Mobilidade e Seguridade,
- b) Acordar o outorgamento ao funcionario D Manuel Monroy Castro (NP 82.191), adscrito ao posto de Enxeñeiro Técnico na Area de Mobilidade e Seguridade, un complemento de produtividade polo desempeño de funcions do posto vacante na Area de enxeñeiro tecnico, polo especial rendemento, a actividade extraordinaria, interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións durante o ano 2016
- c) Comprometer o gasto total de 3065,23€ . a aboar en concepto de produtividade ao funcioanrio relacionado antyeriromente con cargo a partida 92001500000

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(1449).- PRODUTIVIDADE POR FUNCIÓNS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIAS DOS FUNCIONARIOS MUNICIPAIS CON NÚM. DE PERSOAL 77037 E 18260.EXPTE. 29051/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 29/12/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

“En data 02/12/2016 recibese expediente 99442-210 e 99441-210, asinados polo Xefe da Area de Seguridade e Mobilidade, o Xefe da Policía Local e conformado polo Concelleiro Delegado da Area, no que se solicita o aboamento dun complemento de produtividade para



os funcionarios de carreira, con posto de traballo de policía, D. Alfredo Davila Álvarez, con nº de persoal 77037 e D. José Antonio Pérez Regueira e nº de persoal 18260.

Posteriormente solicitase a remisión dos expedientes anteriores ao servizo de orixen ao obxecto de modificar as propostas realizadas en data 29/11/2016, sendo remitidas novamente en data 30/12/2016 a esta Área de Recursos Humanos e Formación.

Con respecto ao funcionario D. Alfredo Davila Álvarez, con posto de traballo de policía local informase que dende o ano 2007, ven desenvolvendo tarefas de apoio directo de carácter técnico-xurídico de nivel medio a Xefatura da Área e para a propia Xefatura do Corpo de Policía Local.

Ditas funcións de apoio técnico començáronse realizándose ao posto de Adxunto Xurídico da Policía na organización e xestión de recursos humanos, criterios de actuación policial e postestade disciplinaria, na elaboración, control e execución dos sistemas de información, comunicación, coordinación e cooperación, tanto internas dentro do propio servizo da Policía Local e en relación cos demais servizos municipais, como en relación ás demais forzas e corpos de seguridade, a Administración de Xustiza e as demais administracións públicas e institucións públicas e privadas con competencias ou intereses na materia de seguridade pública, as de xestión presupuestaria, contratos, medios técnicos e materiais., a representación e defensa en xuízo dos intereses municipais nas diversas instancias xurisdiccionais, singularmente e de xeito exclusivo -en relación coa Asesoría Xurídica Xeral do Concello- no ámbito penal por reclamacións contra terceiros por danos ocasionados ao patrimonio municipal (contenedores, farolas, sinais de circulación, valados, parques infantís, árbores, plantas, xardíns...) así como na elaboración de proxectos de disposicións xerais propias do servizo (regulamento orgánico, da Academia, etc)

Dende o 01/02/2013, ditas funcións de apoio están a realizarse ao Xefatura de Área de Seguridade e Mobilidade así como a Xefatura da Policía Local.

Se relacionan como funcións específicas realizadas polo funcionario D. Alfredo Davila Álvarez as seguintes:

-Na contratación menor (aproximadamente 300.000,00 €/ano), desenvolvendo as tarefas técnicas e administrativas; na execución orzamentaria do gasto (nivel de vinculación dos créditos, transferencias, existencia de crédito adecuado e suficiente); e na facturación total do servizo (655.479,15 € en 2016). En particular desde o 2013 formalizou un total de 127 contratos menores.

-Os convenios de colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública (39326 e 44042 do 212).

-A contratación e facturación do profesorado que participa nas labores formativas da Academia da Policía Local (26 contratacións desde 2015).

-A elaboración dos expedientes de comisións de servizo, tanto con dereito a indemnización coma as que non devengan.

-Control de la aplicación de la normativa de datos de carácter personal (33902, 48699, 51084 del 212).

-En ausencia do policía local D. José Antonio Pérez Regueira, realiza o seguimento da contratación maior que corresponde a este último.

O desempeño destas tarefas supón unha capacitación técnica e unha aportación de valor ao servizo moi superior ás esixencias dos propios do seu posto de traballo, identificadas polo

*contrario con funcións propias dun posto de técnico medio, grupo A2, nunha porcentaxe do 50%, destacando a iniciativa e interese co que levan a cabo estas tarefas.*

*En relación ao funcionario de policía José Antonio Pérez Regueira, con NP 18260 con posto e praza de policía dende 2011 ata o 1 de febreiro do 2013, estivo apoiando directamente o desenvolvemento das tarefas propias do posto de Adxunto Xurídico da Policía, nas tarefas propias de dito posto.*

*Dende dita data continúa participando activa e directamente en ditas tarefas baixo a supervisión e responsabilidade desta Xefatura de Área e a da Xefatura do Corpo, a excepción da reclamación de danos ao patrimonio, nas tarefas estritamente vinculadas á xestión do servizo de Policía Local, participando na xestión orzamentaria e demais tarefas técnico-xurídicas relacionadas coa contartación maior: preparación dos expedientes, adxudicación, supervisión da súa execución e as propostas de exercicio das prerrogativas atribuídas pola lexislación contratual á Administración.*

*Así, e a modo de exemplo, realizou as seguintes:*

*A supervisión da execución do antigo contrato de renting de vehículos da Policía (expte. 34411 /212) así coma as propostas de execución das prerrogativas atribuídas.*

*A proposta de modificación do contrato con ocasión do sinistro total do vehículo 2654HDK*

*A proposta da prórroga do contrato renting o seu remate.*

*A preparación do expediente de adxudicación do novo contrato de renting, expte. 43577/212, adxudicado pola XGL na sesión de 22/07/2016 ( incoación, informe necesidade e idoneidade, prego de prescricións técnicas, informe de presunta baixa temeraria, informe de clasificación).*

*A supervisión da execución do antigo contrato de comunicación (trunking), expte. 33606/212, dos servizos da Policía e Bombeiros, así coma as propostas de execución das prerrogativas atribuídas*

*A prórroga do contrato de trunking ao seu remate.*

*O convenio de adhesión á rede dixital da Xunta de Galicia para as as comunicacións de toda á Área de Seguridade (policía, bombeiros e protección civil), expte. 44940/212*

*A preparación do expediente de adxudicación polo procedemento negociado do suministro de accesorios complementarios dos equipos de comunicación para os servizos de Policía, Bombeiros e Protección Civil, expte.: 49533/212*

*16 expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnizacións substitutivas pola prestación transitoria dos servizos de renting e trunking entre os sucesivos contratos.*

*Control de la aplicación de la normativa sobre protección de datos de carácter personal (33902, 48699, 51084 del 212).*

*Dito funcionario conta coa titulación de Licenciado en Dereito dende o ano 2000.*

*Así mesmo esta a elaborar toda a actividade convenial relacionada co servizo, (p ex. Convenio de colaboración para a utilización dunha unidade canina na Policía local , expte. 40425/212)*

*Toda vez que o complemento de produtividade ven definido na vixente lexislacion como aque destinado a retribuir un especial rendemento, actividade extraordinaria e interés e iniciativa con que os funcionarios desempeñan o seu traballo, polo tanto esta a retribuir a contribución do empregado publico a organización.*

*Ata a data, a medición da contribución do empregado publico non se ven realizando dada a ausencia de implementación de técnicas axeitadas , alexadas da cultura burocratica ainda existente nas organizacions publicas, de xestion dos recursos humanos*

*A xustificacion do outorgamento dun complemento de produtividade ven dado pola consecución dos obxectivos asignados a súa unidade administrativa*

*A produtividade a de entenderse como un incentivo ao rendemento, entendendo incentivo de xenerador dun proceso que activa, dirixe e mantén un determinado comportamento , sendo este motivado por factores intrínsecos e/ou extrínsecos , sendo o mais obvio o económico, as retribucións asociados ao rendemento.*

*O devengo de dito complemento habera de ser proporcional as funcións desenvolvidas , sendo necesario o efectivo desempeño das actividades e funcións, tendo en conta a calidade do traballo desenvuelto, a iniciativa e autonomía con que se desenvolve e a dispoñibilidade e actitude positiva mostrada polo empregado municipal, sendo estes apreciados polo seu superior xerárquico.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*Este réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudir ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :*

*Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.*

*O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:*

- 1. Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo*
- 2. Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*

*Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.*

*A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

- Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*
- Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente.*

- *Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*

*Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.*

*No presente caso, nos informes de data 30/12/2016 asinados polo Xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, o Xefe da Policía Local e conformado polo Concelleiro Delegado da Área recollense de forma sucinta as tarefas levadas a cabo polos funcionarios do Corpo da Policía Local D. Alfredo Davila Álvarez, con nº de persoal 77037 e D Jose Antonio Perez Regueira , nº de persoal 18260.*

*No informe solicítase o aboamento dun complemento de produtividade no caso de D Alfredo Davila Álvarez, polo seu especial rendimento, actividade extraordinaria, iniciativa e interese no desenvolvemento das tarefas técnico-xurídicas de nivel medio, grupo A2, nunha porcentaxe do 50%, que ven desempeñando baixo a supervisión da Xefatura da Área en apoio da Xefatura do Corpo da Policía Local e da Área e no caso de D Jose Antonio Perez Regueira polo desenvolvemento das tarefas técnico-xurídicas de nivel superior (A-1), nunha porcentaxe do 50%.*

*Utilizando a fórmula de cálculo proposta, e tendo en conta as diferenzas retributivas mensuais entre os postos de policía local e Técnico/a de Xestión e Técnico de Admon Xeral, en función dos días efectivamente traballados corresponderíalles o aboamento das cantidades de 2810,94€, no caso do primeiro e 3744,71€ no segundo caso*

*Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- 1. Aprobar como criterio obxectivo de cálculo do importe proposto o 50% das diferenzas retributivas mensuais entre os postos de Policía e Técnico de Xestión no caso de D. Alfredo Davila Álvarez, con nº de persoal 77037 e o posto de Técnico de admon xeral, no caso de D Jose Antonio Perez Regueira , nº de persoal 18260.*
- 2. Acordar o outorgamento aos empregados municipais adscritos ao servizo de Policía Local D. Alfredo Davila Álvarez, con nº de persoal 77037 e D Jose Antonio Perez Regueira , nº de persoal 18260, un complemento de produtividade polo seu especial rendimento, actividade extraordinaria, iniciativa e interese no desenvolvemento das tarefas de xestión administrativa, orzamentaria e técnica, de nivel medio, grupo A2 e A1 respectivamente, nunha porcentaxe do 50%, que veñen desempeñando baixo a supervisión da Xefatura da Área en apoio da Xefatura do Corpo da Policía Local e da Área.*

3. Acordar o aboamento das seguintes cantidades correspondentes a presente anualidade:

<b>Nome</b>	<b>NP</b>	<b>Importe</b>
<i>Davila Perez, Alfredo</i>	<i>77037</i>	<i>2810,94€</i>
<i>Perez Regueira, Jose Antonio</i>	<i>18260</i>	<i>3744,71€</i>

4. Comprometer o gasto total de 6555,65€ . a aboar en concepto de produtividade aos empregados municipais anteriormente relacionados e nas cantidades propostas, con cargo a aplicación orzamentaria 92001500000.

*Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(1450).- PRÓRROGA DURANTE XANEIRO DE 2017 DO ACORDO MARCO PARA A AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS DO PERSOAL AO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL, APROBADO EN DATA 05/10/2012 (EXPTE: 36255-212). EXPTE. 51966/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 29/12/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*“A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 5 de outubro de 2012 aprobou o Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o persoal do Servizo da Policía Local ( expte. 36255/212). Dito acordo basease na petición realizada en agosto de 2012 polo Servizo da Policía local na que solicitan o incremento en 11 xornadas anuais de traballo e que teñen por obxecto:*

*1º.- Garantir a presenza dun mínimo de 48 funcionarios no turno de mañán durante todo o ano.*

*2º.- Garantir a presenza dun mínimo de 38 funcionarios no turno da tarde durante todo o ano.*

*3º.- Procurar nos turnos de mañana e tarde, e no seu caso no da noite para as campañas específicas que poidan establecerse, un incremento medio de catro funcionarios por turno.*

4º.- Diseñar e executar con eficacia e eficiencia cantas actuacións específicas resulten do exercicio das competencias propias: controis de velocidade; consumo de alcohol e outras sustancias prohibidas na conducción de vehículos; controis sobre os pasos de peóns e cruces regulados con semáforos; controis sobre o uso dos medios de seguridade pasiva na utilización de vehículos; controis específicos en materia de seguridade cidadá –en particular, do fenómeno do botellón; controis sobre a ocupación do dominio público e de protección dos bens públicos; actuacións específicas en materia de violencia de xénero; actuacións específicas en materia de protección do medio ambiente; policía urbanística en canto ao control de actividades sin licenza ou non conformes á mesma; participar no mantemento da orde público nos espectáculos públicos, nas manifestacións e demais supostos de grandes concentracións de persoas, etc.).

No seu punto primeiro no derradeiro parragrafo recollese que:

*“Dependendo da disponibilidad orzamentaria, este acordo poderá prorrogarse anualmente en tanto se manteñan as condicións que dan lugar ao mesmo, sendo susceptible de seren modificados aspectos puntuais, previo acordo acadado na Comisión de Seguimento”.*

*En informe de data 30/12/2016 do Intendente Xefe da Policía Local, conformado polo Concelleiro delegado da Area, expoñense as circunstancias que estanse a dar no Servizo da Policía Local que hacen imprescindible a realización de xornadas de disponibilidad por parte do persoal do mesmo.*

*No mencionado informe solicita a prórroga durante o mes de Xaneiro do ano 2017 do Acordo Marco para a aplicación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012,(expte. 36255/212), e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas.*

*No citado informe faise referencia as funcións que deben desempeñar os efectivos da Policía Local, segundo a L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade e na Lei 4/07 de Galicia sobre coordinación das policías Locais, , a complexidade que supón a realización das mesmas dada a extensión, intensidade e variedade do noso espazo urbano, os fenómenos modernos de gran concentración de persoas en espazos públicos non ideados para tales fins,a falta de efectivos existente en dito servizo así como o mapa de eventos extraordinarios previstos para o mes de XANEIRO 2017.*

*O programa marco aprobado pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 5 de outubro de 2012 recolle única e exclusivamente as circunstancias de realización das posibles xornadas de reforzo que poidan ser levadas a cabo polo persoal do Servizo da Policía Local, non tendo en ningún caso carácter estrutural xa que depende a súa realización das particulares circunstancias do servizo en canto a intervencións a realizar, complexidade dos mesmos, número de efectivos disponibles, etc*

*Ditas circunstancias deberán ser convenientemente reflexadas en cada unha das solicitudes de autorización de xornadas de reforzo que se faga dende o Servizo da Policía Local. Así mesmo a participación no programa de disponibilidad ten carácter voluntario para o persoal do servizo.*

*As xornadas de dispoñibilidade que poidan realizarse ao longo do mes de XANEIRO do ano 2017, dentro da prorroga do Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012, se corresponderan co obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas e que de ningún xeito teran carácter de estables.*

*O concepto retributivo para o seu aboamento será o de produtividade, polo que non poderán ser de ningún xeito retribucións de carácter fixo nin periódico.*

*Tal e como se recolle no punto Primeiro do Acordo Marco que se propon prorrogar:*

*“A xefatura da Policía Local solicitará xustificadamente a autorización previa das xornadas de reforzo que sexa necesario realizar en base as previsións das necesidades do servizo e estas serán autorizadas previo informe da Intervención Xeral da existencia de crédito”*

*Polo que a autorización e posterior realización de xornadas de dispoñibilidade sempre estará condicionada á necesidade do servizo debidamente xustificada e á existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 92001500000.*

*Calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades*

*Por parte da Área de Recursos Humanos e Formación, compártese o mencionado nos informes da Intervención Xeral en canto ao aproveitamento dos recursos humanos e as retribucións variables así como o recollido na Disposición adicional setuaxésima primeira, da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012 e no contido do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade, que aumentan o tempo de traballo, polo que por parte do Servizo da Policía Local deben adoptarse as medidas oportunas para a redución da realización de xornadas de reforzo por parte do persoal do servizo.*

*En canto aos demais aspectos, remítese aos informes emitidos polos técnicos da Área con respecto aos expedientes 34002/212, 34267/212 e 42906/212, correspondentes á aprobación dos programas de reforzos dos anos 2009, 2010 e 2014 así como en informes anteriores, en canto á necesidade de realización un exhaustivo estudo da organización do servizo en canto a turnos, réxime de descansos, establecemento dos períodos vacacionais e asuntos propios, xornada laboral anual realizada polos diferentes turnos, persoal adscrito ás diferentes seccións, réxime horario das distintas quendas, análise do absentismo e da siniestralidade laboral, etc, por si fora necesario realizar axustes nestes parámetros que permitisen optimizar o servizo e que deran lugar á redución das xornadas de reforzo a realizar.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Emprego Público.*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte*



*entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma, debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014 de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.*

*Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*A retribución da realización de xornadas de reforzo realizarase en concepto de produtividade polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións fixas nin periódicas. A apreciación da mesma deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos*

asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As Bases de execución do Orzamento vixentes contemplan que: no caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fora da xornada laboral, ós efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou disponibilidad, existe un plan aprobado, cuantificando o número de xornadas, coste de cada unha delas e custe total. Se comprobará igualmente que para súa fiscalización se adxunta a certificación do Xefe do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento independente, como mínimo a seguinte información: o nome do empleado que executou as horas ou a xornada, o día en que se fixo, referencia sucinta as necesidades a cubrir, as horas feitas si se trata de gratificación, ou xornadas si se trata de reforzos.

Por outra banda, no punto terceiro do Acordo Marco - Coste da ampliación das Xornadas de Traballo, se contempla que "O custo máximo anual dos programas de reforzo estará en función das posibilidades orzamentarias así como dos días efectivos de realización. As cantidades contidas no punto segundo actualizaranse, de se-lo caso, segundo o disposto nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado e demais disposicións legais de aplicación.

Os importes de cada xornada, actualizados no ano 2016, segundo as categorías profesionais, serán os seguintes:

Posto	2016
1º.- Policía:	210,74 €
2º.- Oficial:	224,41 €
3º.- Inspector :	252,25 €
4.- Inspector Principal:	259,34 €

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, tendo en conta o expresado no informe que precede e sempre, en tanto en canto, e tal como se recolle no devandito Acordo Marco, exista a debida cobertura orzamentaria suficiente para facer fronte ao custo do programa no vixente orzamento, para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación a Prorroga do programa de reforzos para a Policía Local para o mes de XANEIRO do ano 2017, e previo informe da Intervención Xeral-, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte proposta de acordo:

1.-Prórrogar durante o mes de XANEIRO 2017 o Acordo Marco para a aplicación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012, -expte. 36255/212-, e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a

prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.

2.- Delegar no Concelleiro da Area de Xestión Municipal a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas

3.- A autorización da realización das xornadas de dispoñibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policía Local na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motiva a necesidade de realización de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e una vez que por parte da Intervención Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Productividade).

4.- A realización das xornadas de reforzo nas condicións previstas no Acordo Marco viran xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non terán carácter estable nin a súa realización será de xeito lineal mensual. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións de carácter fixo nin periódico

5.- Os incrementos sucesivos da plantilla do Corpo da Policía Local que se produzan no futuro, terá que ir acompañado cunha minoración no número e no custo das xornadas de dispoñibilidade a realizar, salvo que concurran circunstancias acreditadas da necesidade de acometelas.

6.- Os importes a percibir por cada xornada de dispoñibilidade, segundo as categorías profesionais, no mes de Xaneiro 2017 os seguintes:

Posto	2016
1º.- Policía:	210,74 €
2º.- Oficial:	224,41 €
3º.- Inspector :	252,25 €
4.- Inspector Principal:	259,34 €

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(1451).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOCE AXUDANTES DE OFICIOS (VIXILANTES DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS), BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE.29097/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 29/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa da Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

**“ANTECEDENTES**

*O Técnico adscrito ao Servizo de Educación, coa conformidade tanto da Xefatura do Servizo como da concelleira-delegada da Área de Educación, a través de escrito de data 19 de setembro de 2016, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de quince vixiantes de instalacións municipais pola escaseza de RR.HH existentes no Servizo para cubrir os servizos nos distintos colexios públicos municipais, que garantan o cumprimento da obriga municipal para cos colexios públicos (vixilancia, conservación e mantemento), pola evidente falta de medios humanos cos que conta o Servizo, agravado polas baixas de enfermidade e permisos oficiais, as recentes xubilacións de empregados municipais e, as baixas por xubilación forzosa de dous porteiros-vixiantes adscritos ao Servizo.*

*O Servizo Municipal de Educación debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación. En concreto, o mantemento, conservación, reparación e vixilancia dos Centros Educativos Públicos de Infantil e Primaria de Vigo, é competencia é responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2), reformada pola Lei 27/2013 de de de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local. Isto supón ter que atender e dar resposta urxente dende a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) ás innumerables necesidades que teñen os máis de 50 centros escolares que supoñen máis de 175.000 m<sup>2</sup> de superficie edificada e máis de 300.000 m<sup>2</sup> de superficie de terreos que acollen a preto de 10.000 alumnos/as.*

*En resposta a dita petición, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 14 de decembro de 2016, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de doce axudantes de oficios por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período,*

xustificada nas necesidades do Servizo de Educación nos termos da solicitude do responsable do Servizo de data 19 de setembro do presente ano 2016.

En cumprimento do ordenado, con data 29/12/2016, polo técnico que subscribe, fórmulase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 318-Vixiante de instalacións municipais), adscritos, entre outros, ao Servizo de Educación, cód. 332, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino

*–ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.*

## *II. Xustificación da necesidade e urxencia:*

*Segundo consta no escrito de petición tanto do técnico asinante como da Xefa do Servizo de Educación, que así mesmo conta coa conformidade da Concelleira-delegada da Área, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 14/12/2016 e no informe do funcionario informante, resulta acreditada a urxencia dos nomeamentos propostos, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 48/2015, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2016 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.*

*Trátase polo tanto dun servizo público esencial, xa que a prestación do servizo de mantemento, conservación, reparación e vixilancia dos Centros Educativos Públicos de Infantil e Primaria de Vigo, é competencia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2, letra n), polo que este debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación, polo que infórmanse favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación.*

### *III. Proposta de gasto:*

*De acordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de doce axudantes de oficios para o Servizo de Educación, supón un gasto de 128.845,44€, ao que haberá que engadirse a cantidade de 44.170,62€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertencen as vacantes (posto Cód. 218-Vixiante Instalacións Municipais), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.*

### *IV. Verificación das listas de reserva:*

*Nas bases xerais correspondentes a Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.*

*En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vinteseite prazas de Axudantes de oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012,*

trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (actualmente no mesmo artigo do R.D. Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como axudantes de oficios dos aspirantes que figuran nas posicións núms. 1-BASTOS VILLAR, PURIFICACIÓN, 7-OTERO FERVENZA, JOSÉ, 14-COMESAÑA FERNÁNDEZ, ISABEL, 21-SÁNCHEZ FRANCO, ABRAHAM, 23-FOUZ ARES, M<sup>a</sup>. JESÚS, 24-ALONSO VIDAL, TOMÁS, 25-CASTRO DUARTE, ALFREDO B. , 48-VELOSO COSTAS, JESÚS, 55-FERNÁNDEZ IGLESIAS, ELIGIO M., 60-BALSEIRO RODRÍGUEZ, DANIEL, 62-SOMOZA ESTÉVEZ, LUIS MIGUEL e, 61-ABALDE COSTA, ANGEL, toda vez que os aspirantes núms, 19-Otero Correa, José M<sup>a</sup>, 45-Caspelo Rodiño, José Ramón, 42-Morillo Pereda, Francisco e, 59-Fajardo Fariñas, Jesús figuran propostos nos expedientes núms. 28602/220 e 28604/220 coa mesma categoría profesional para os Servizos de Limpeza e, Medio Ambiente.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os aspirantes propostos como axudantes de oficios levan mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino como axudante de oficios (art. 10.1.d) do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, expte. 26565/220, 27276/220, 26739/220, 27016/220 e, 26258/220, aprobados pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de datas 22/05/15, 27/11/15, 26/06/15, 25/09/15 e, 27/02/15, rematando o mesmo en datas 01/09/15, 21/11/15, 31/05/16, 31/12/15, 27/03/16 e, 22/05/16, polo que están en condicións de ser novamente nomeados desde o día 01/12/16.

#### V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de doce funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Axudantes de oficios, Grupo Transitorio E de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación e, en consecuencia, autorizar o gasto por 128.845,44€, xunto cos



custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

*SEGUNDO: Nomear funcionarios interinos por acumulación de tarefas como Axudantes de Oficios, por un período máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. PURIFICACIÓN BASTOS VILLAR, DNI 36.071.578-B, D. JOSÉ OTERO FERVENZA, DNI 78.734.225-G, D<sup>a</sup>. ISABEL COMESAÑA FERNÁNDEZ, DNI 53.185.485-D, D. ABRAHAM SÁNCHEZ FRANCO, DNI 53.183.875-D, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> JESÚS FOUZ ARES, DNI 33.538.869-Q, D. TOMÁS ALONSO VIDAL, DNI 36.064.038-S, D. ALFREDO B. CASTRO DUARTE, DNI 35.306.019-F, D. JESÚS VELOSO COSTAS, DNI 36.099.100-W, D. ELIGIO M. FERNÁNDEZ IGLESIAS, DNI 35.310.546-A, D. DANIEL BALSEIRO RODRÍGUEZ, DNI 76.729.746-K, D. LUIS MIGUEL, SOMOZA ESTÉVEZ, DNI 36.121.275-M e, D. ANGEL ABALDE COSTA, ANGEL, DNI 36.057.096-L, na súa condición de seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo). Con carácter previo á toma de posesión, deberase achegar a certificación negativa do Rexistro de Delincuentes Sexuais, acreditativa de non ter sido condenado por sentenza firme por ningún delito aos que se refire o artigo 13.5 da L.O. 1/1996, contra a liberdade e indemnidade sexuais, ao tratarse dun posto de traballo que implica un contacto habitual con menores.*

*TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 218-Vixiante de Instalacións Municipais, sendo adscritos ao Servizo de Educación (cód. 332), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos funcionarios interinos nomeados desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.*

*QUINTO: Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, a Xefa do Servizo de Educación, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto*

*administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(1452).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO A UNHA PRAZA VACANTE DE ALGUACIL, POR PROMOCIÓN INTERNA, DA OEP 2010/2011. EXPTE. 29206/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 29/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa da Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*"Antecedentes:*

*O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de unha praza de alguacil, pola quenda de promoción interna, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, en réxime funcional e enmarcada no subgrupo transitorio E para os efectos de titulación, na súa sesión de data 10/10/2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento do único aspirante presentado D. JULIO MANUEL YÁÑEZ RODRÍGUEZ, con DNI 36031496H, que superou todos os exercicios do concurso-oposición, pola quenda de promoción interna, e que acadou unha puntuación total de 20,70 puntos.*

*O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 19/12/2016.*

*O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.*

*De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte*

**PROPOSTA DE ACORDO:**

*"PRIMEIRO: Nomear funcionario de carreira, con cargo á praza vacante de alguacil pola quenda de promoción interna, a D. JULIO MANUEL YÁÑEZ RODRÍGUEZ, con DNI nº 36.031.496-H, único aspirante presentado, proposto polo Órgano de Selección, que superou*

todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de 20,70 puntos.

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, a Conserxería, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(1453).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIAS DE CARREIRA DE DÚAS AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POR PROMOCIÓN INTERNA, CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES DA OEP 2010/2011, 2ª FASE. EXPTE.29198/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 28/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa da Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

"Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade seis prazas de auxiliar de administración xeral en réxime funcional e incluídas no subgrupo C2 de titulación, 4 pola quenda libre e 2 pola quenda de promoción interna, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, na súa sesión de 27 de outubro de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento das seguintes aspirantes, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición coa seguinte puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
2	PENA GARCÍA	SUSANA	36129838N	32,389
1	GARCÍA FOLGUEIRA	MARÍA NIEVES	36122610Y	26,068

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 19/12/2016.

As aspirantes propostas presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear funcionarias de carreira con cargo ás prazas convocadas de auxiliar de administración xeral, pola quenda de promoción interna, ás seguintes aspirantes propostas polo Órgano de Selección, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición e que acadaron a seguinte puntuación total:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
PENA GARCÍA	SUSANA	36129838N	32,389
GARCÍA FOLGUEIRA	MARÍA NIEVES	36122610Y	26,068

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionarias de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

SEGUNDO.: Notificar o presente acordo ás interesadas, á Intervención Xeral, a Conserxería, ao Servizo de Bibliotecas, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, así coma ao Comité de Persoal e aos xefes/as dos Servizos aos que se adscriban as prazas, aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(1454).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL FIXO CON CARGO A UNHA PRAZA VACANTE DE OFICIAL XARDINEIRO, DA OEP 2010/2011. EXPTE. 29197/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 28/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa da Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*"Antecedentes:*

*O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de unha praza de oficial xardineiro, pola quenda de promoción interna, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación, na súa sesión de data 14/10/2016, acordou propoñer ao órgano competente a contratación como empregado público laboral fixo, con cargo á praza vacante de oficial xardineiro, a D. FRANCISCO JAVIER LÓPEZ ARJONA, con DNI 36.050.927-Z, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición, pola quenda de promoción interna, e que acadou unha puntuación total de 22,00 puntos.*

*O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 19/12/2016.*

*O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.*

*De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte*

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

*"PRIMEIRO: Contratar como empregado público municipal en réxime laboral fixo, con cargo á praza convocada de oficial xardineiro, pola quenda de promoción interna, a D. FRANCISCO JAVIER LÓPEZ ARJONA, con DNI 36.050.927-Z, que foi proposto polo Órgano de Selección, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de 22,00 puntos.*

*De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberá asinar o aspirante proposto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.*

*SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, ao Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.*

*TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de*

*reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(1455).- PROPOSTA DE PRODUTIVIDADE POR FUNCIÓNS E ACTIVIDADES ESPECIAIS E EXTRAORDINARIAS DOS FUNCIONARIOS MUNICIPAIS CON NÚM. DE PERSOAL 21930 E 22071. EXPTE. 29040/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 27/12/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*“En data 07/12/2016 asinase proposta de otorgamento de complemento de produtividade aos funcioanrios D<sup>a</sup> Remedios Alonso Vazquez (NP 15160) , D Marcos Lopez Campos (NP 21930) e D<sup>a</sup> Rosa Santalo Rodriguez (NP 22071).*

*A intervencion Xeral informa en data 12/12/2016, indicando:*

- No expediente debe de constar o informe do Tesoureiro Municipal, así como a conformidade do concelleiro delegado da área de Orzamentos e Facenda, non constando no expediente ningún de ditos documentos. No informe do tesoureiro deben facerse constar as tarefas efectivamente desempeñadas polos funcionarios no período considerado, así como a avaliación do desempeño das mesmas.*
- Non consta no expediente a previa resolución de encomenda de funcións a prol dos empregados municipais afectados para o período considerado, xa que o aboamento do complemento de produtividade polo desempeño de postos de superior categoría non pode ter carácter verbal nin retroactivo segundo as vixentes IPRPT.*
- Non parece xustificada no expediente a aparente incongruencia entre o importe proposto e o indicado polo Tesoureiro no expediente 7355-540, no que se propoñía unha encomenda de funcións, que finalmente non resultou aprobada por causas descoñecidas para esta Intervención.*

*Posteriormente, en data 22/12/2016, o Tesoureiro e Responsable superior Contable e Orzamentario , informa do efectivo cumprimento das funcións*

*Toda vez que , en informe do Tesoureiro Municipal asinado en data 29/03/2016 e conformado polo Concelleiro delegado da Area en data 14/04/2016 solicítase un complemento de produtividade para o persoal auxiliar que esta a desenvolver as funcións*

correspondentes a Xefatura de negociado de Pagaduría, vacante dende 19/09/2009.

Indicase así mesmo que na “unidade de pagaduría (543), dende hai algúns anos, dous dos auxiliares veñen obtendo un plus de produtividade, que nos últimos tempos non se está tramitando e en consecuencia, no o están a percibir”.

No mesmo informe solicítase a realización dunha encomenda das funcións correspondentes a xefatura do Negociado de Pagaduría, Contabilidade de pagos e Control de Contas aos funcionarios adscritos a unidade Codg 543 , D<sup>a</sup> Remedios Alonso Vazquez (n<sup>o</sup> de persoal, 15160), D Marcos Lopez Campos (n<sup>o</sup> de persoal, 21930) e Rosa Maria Santalo Rodriguez (n<sup>o</sup> de persoal, 22071), así como o recoñecemento dun complemento de produtividade por importe de 2.500,00 €/anuais para cada un dos funcionarios anteriores.

O Concelleiro delegado de Xestión Municipal ordea a Área de Recursos Humanos a realización dos trámites administrativos necesarios para encomendar as funcións correspondentes ao posto de Codg de Xefe/a de negociado de Pagaduría aos citados funcionarios nos termos do informe técnico de data 18/05/2016

A intervención xeral en data 29/06/2016 informa o expte 7355-540 que a encomenda de funcións plantexada no que se procede a encomendar un posto de Xefe de negociado a tres funcionarios municipais adscritos a dito negociado, no esta incluída en ningunha dos supostos previstos nas Instrucións de Plantilla, polo que, se ben non resulta cuestionable que o Concello pode asignar aos seus empregados tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desempeñen, e que o aumento do volume de traballo ou a asignación de novas tarefas ao posto de traballo pode dar lugar ao outorgamento dun complemento de produtividade, nestes supostos as vixentes IPRPT dispoñen que “Calquera outra produtividade (...) requirirá a previa determinación dos criterios obxectivos de asignación pola Xunta de Goberno Local, a proposta debidamente xustificada da Área ou Servizo correspondente que acredite a necesidade e procedencia da súa aprobación.”

Toda vez que o complemento de produtividade ven definido na vixente lexislación como aque destinado a retribuír un especial rendemento, actividade extraordinaria e interese e iniciativa con que os funcionarios desempeñan o seu traballo, polo tanto esta a retribuír a contribución do empregado público a organización.

Ata a data, a medición da contribución do empregado público non se ven realizando dada a ausencia de implementación de técnicas axeitadas , alexadas da cultura burocrática aínda existente nas organizacións públicas, que permitan a utilización de habilidades técnicas para manexar un sistema retributivo máis acorde coas esixencias de xestión dos recursos humanos

A xustificación do outorgamento dun complemento de produtividade ven dado pola consecución dos obxectivos asignados a súa unidade administrativa

A produtividade a de entenderse como un incentivo ao rendemento, entendendo incentivo de xenerador dun proceso que activa, dirixe e mantén un determinado comportamento , sendo este motivado por factores intrínsecos e/ou extrínsecos , sendo o máis obvio o económico, as retribucións asociados ao rendemento.

No presente caso , os empregados municipais D<sup>a</sup> Remedios Alonso Vazquez (n<sup>o</sup> de persoal, 15160) e D Marcos Lopez Campos (n<sup>o</sup> de persoal, 21930) están a desempeñar as funcións atribuídas a xefatura de negociado dende que a mesma quedou vacante no ano 2009, asinandoselles formalmente ditas funcións e responsabilidades por resolucións do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal únicamente do 1/6/2010 ao 31/12/2011, sendo

*consecuentemente retribuídas, e continuando desempeñando as mesmas ata a data, polo que a utilización do complemento de produtividade para a retribución de dito desempeño parece axeitada as circunstancias descritas.*

*O devengo de dito complemento habera de ser proporcional as funcións desenvolvidas, sendo necesario o efectivo desempeño das actividades e funcións, tendo en conta a calidade do traballo desenvuelto, a iniciativa e autonomía con que se desenvolve e a dispoñibilidade e actitude positiva mostrada polos empregados municipais, sendo estes apreciados polo seu superior xerarquico.*

*No informe de data 14/04/2016 do Sr Tesoureiro Municipal sinalase as funcións a desenvolver polo Negociado 543 PAgaduría, contabilidade de pagos e control de contas, e que, en síntese, son as seguintes:*

- 1. Pagamentos a través de soporte físico e telemático.*
- 2. Instrumentación dos soportes de pago dentro dos prazos de pago legais.*
- 3. Pagamentos de devolución de ingresos indebidos.*
- 4. Pagamentos e trámite das devolucions de fianzas.*
- 5. Cruces de información entre os soportes de pagos con AEAT.*
- 6. Cruces de información entre os soportes de pagos coa Executiva Municipal.*
- 7. Responsabilidade das contas restrinxidas de pagos a xustificar para os perceptores que non sexan responsables dunha conta.*
- 8. Control da remisión de información en relación cos préstamos vivos, tanto en relación coa liquidación de xuros como coa amortización dos pasivos.*
- 9. Expedición de certificacións de pago.*
- 10. Elaboración de estatísticas de pagos.*
- 11. Expedición e control de pagos afectados con fondos de financiación afectada por subvencions.*
- 12. Expedición e seguimento de estar ao corrente nas obrigas con outras administracións, cuestión determinante para a obtención de subvencions.*
- 13. Control, execución e seguimento de embargos asociados a ordes de pagamento.*
- 14. Relacións ordinarias coas Entidades Financeiras.*
- 15. Pagos da nómina, seguros sociais, IRPF e o IVE.*
- 16. Contabilización dos pagamentos.*
- 17. Control das contas operativas.*
- 18. Confección e presentación dos resumos informativos de IRPF, IVE, Plan de pensións, etc.*
- 19. Funcions e obtención de información que solicita o Tesoureiro e o Adxunto ao Tesoureiro.*
- 20. Arqueos contables, que substitúen ao control que se fai con follas excel.*
- 21. As cancelacións de avais, aínda que está en estudo que esta tarefa sexa realizada polo persoal do negociado de recadación voluntaria que estea no portelo.*
- 22. O control das contas restrinxidas de recadación, que tamén esta en estudo para ser*



*realizado por dous auxiliares do negociado de recadación voluntaria e pola auxiliar de recadación executiva.*

*Estas tarefas estan sendo desenvolvidas polos tres auxiliares que conforman a unidade 543, e que, sin lugar a dubidas, están moi por enriba das esixencias legais para un posto de auxiliar administrativo.*

*EN consecuencia, o persoal auxiliar adscrito ao Negociado de Pagaduría , D<sup>a</sup> Remedios Alonso Vazquez, (n<sup>o</sup> de persoal, 15160), D Marcos Lopez Campos,(n<sup>o</sup> de persoal, 21930) e D<sup>a</sup> Rosa Maria Santalo Rodriguez (n<sup>o</sup> de persoal, 22071), todos eles con titulacion axeitada para o desempeño de postos do subgrupo C1 de titulacion estan a desempeñar as funcións atribuídas a dito negociado, concretadas, entre outras nas seguintes:.*

- Comprobación e ordenación das ordes de pagamento expedidas.*
- Executar materialmente os pagos a realizar polo Concello de Vigo, tendo en conta as prioridades legalmente establecidas, verificando en todo momento o cumprimento dos prazos esixidos no casados gastos financiados con recursos afectados. Compre lembrar a estes efectos que o retraso no pago dunha factura ou documento equivalente financiada con cargo a un ingreso ou recurso afectado, determina a perda do dereito a obter a subvención e a conseguinte obriga de proceder ao reembolso das cantidades percibidas.*
- Verificar que os pagos financiados con subvencións que, de acordo coa súa normativa reguladora ou os Convenios asinados, deban realizarse con cargo aos fondos situados nunha conta específica aberta ao efecto, se realicen con cargo a ditos fondos ou, no caso contrario, se produzan as oportunas regularizacións de fondos. Tamén se debe ter en consideración que aos efectos de control de fondos afectados, deben ter unha contabilidade separada, por estar razón, se solicita ao servizo de Contabilidade a formación de conxuntos independentes para este tipo de pagos.*
- Procurar, no que afecte ao proceso de pagos, reducir ao máximo posible os prazos para o pago das obrigas recoñecidas polo Concello de Vigo, co obxecto de cumprir a obriga que teñen as Administracións Públicas de pagar dentro dos prazos sinalados no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. A estes efectos, segundo dispón o artigo 216 da precitada norma, o prazo no que as Administracións teñen a obrigación de abonar o prezo das obrigacións será de 30 días . De igual xeito, o Real Decreto 635/2014, obriga a pagar no prazo antes sinalado.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Basico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Basico do Empregado público, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo*

23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :

Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.

O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

*Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo*

*Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*

*Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.*

*A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

*–Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*

*–Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo organo competente.*

*–Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*

*–Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.*

*En consecuencia,proponse como cantidade a aboar aos empregados D<sup>a</sup> Remedios Alonso Vazquez (nº de persoal, 15160), D Marcos Lopez Campos (nº de persoal, 21930), e D Rosa Maria Santalo Rodriguez auxiliares de admon xeral adscritos ao Negociado de Pagaduría que están a desempeñar as funcións atribuídas aos postos vacantes nas unidades 540/541, tendo en conta os importes anuais propostos no informe do Tesoureiro Municipal de data 29/03/2016, os periodos de vacacións, permisos – un total de 28 días para cada un deles- e que ningún deles estivo de baixa por IT no ano 2016, proponse a cantidade de 2291,66 € para cada un dos funcionarios propostos .*

*Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

1.- Outorgar aos empregados municipais seguintes un complemento de produtividade polo desempeño de funcións de superior categoría por importe total de 6875,00 €, distribuídas do seguinte xeito:

NP	Nome	IMporte
15160	Alonso Vazquez, Remedios	2291,66 €
21930	Lopez Campos, Marcos	2291,66 €
22071	Santalo Rodriguez, Rosa Maria	2291,66 €

2.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 6875,00–€ en concepto de produtividade a favor dos empregados relacionados, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 “Productividade”.

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **19(1456).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DO CONTRATO DE OBRAS DE RENOVACIÓN DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS DAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 78025/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 29/12/16, do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, asinado polo xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, polo xefe do Servizo Xurídico-Área de Servizos Xerais, polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Primeiro.**- A Xunta de Goberno Local en data 12.09.2016 acordou:

*Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, por lotes, das obras dos proxectos:*

- ASFALTADO DE VÍAS MUNICIPAIS. VIGO ESTE
- ASFALTADO DE VÍAS MUNICIPAIS. VIGO SUR
- ASFALTADO DE VÍAS MUNICIPAIS. VIGO CENTRO
- ASFALTADO DE VÍAS MUNICIPAIS. VIGO OESTE

*Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación de data 5 de setembro de 2016.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por importe de UN MILLÓN NOVECIENTOS NOVENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.992.557,56 euros), sendo o importe correspondente ao IVE de 345.815,77 euros.*

*Trátase dunha obra de carácter plurianual. Para a súa financiación, aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de viarios es espazos públicos" coa seguinte distribución de anualidades:*

*2016: 1.445.189,78€*

*2017: 547.367,78€*

*En relación ao proceso de adxudicación debe indicarse que de producirse baixa no prezo de adxudicación, a contía da baixa será de aplicación no importe que corresponda na anualidade do ano 2017.*

**Segundo.-** Unha vez tramitadas os citados expedientes de contratación, co correspondente procedemento de licitación, a Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, acordou:

A).- Con data 29.11.2016:

*1º.- Adxudicar a CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, SA o lote 2 ("Asfaltado de vías municipais. Vigo sur") do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250), polo prezo total de 341.063,39 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 59.192,82 euros.*

*2º.- Adxudicar a CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, SA o lote 4 ("Asfaltado de vías municipais. Vigo oeste") do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250), polo prezo total de 229.393,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.812,16 euros.*

B).- Con data 02.12.2016:

*1º.- "Adxudicar a "NEXIA INFRAESTRUCTURA, S.L.U. Y FEVISA, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982" o lote 1 ("Asfaltado de vías municipais. Vigo este") do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250), polo prezo total de 399.073,08 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 69.260,62 euros.*

2º.- Adxudicar a “NEXIA INFRAESTRUCTURA, S.L.U. Y FEVISA, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982” o lote 3 (“Asfaltado de vías municipais. Vigo centro”) do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250), polo prezo total de 175.817,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 30.513,84 euros.

En todos os casos unha vez adxudicados os diferentes lotes procedeuse á realización da fase de gasto “AD” de todos eles con cargo aos orzamentos do ano 2016.

En todos os casos unha vez adxudicados os diferentes lotes procedeuse á realización da fase de gasto “AD” de todos eles con cargo aos orzamentos do ano 2016.

	Importes	“AD” ANO 2016
LOTE 1.- NEXIA INFRAESTRUCTURA, S.L.U. Y FEVISA, S.L UTE	399.073,08 €	201600123198 201600123206
LOTE 2.- CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, SA	341.063,39 €	201600122390
LOTE 3.- NEXIA INFRAESTRUCTURA, S.L.U. Y FEVISA, S.L. UTE	175.817,86 €	201600123200
LOTE 4 .- CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, SA	229.393,88 €	201600122391
TOTAL		

**Terceiro.**- Os PCAP do contrato de obras de renovación de firmes en vías municipais das diferentes parroquias do Concello de Vigo contemplaba no apartado 4.A das FEC os seguintes prazos de execución:

- Lote 1.- 4 meses
- Lote 2.- 3 meses
- Lote 3.- 1 mes
- Lote 4.- 2 meses

Como data prevista para o inicio do contrato contemplábase novembro de 2016.

**Cuarto.**- Á realización da diferente tramitación administrativa posterior á licitación e previa á execución da mesma (aprobación planes seguridade e saúde, xestión residuos, etc), fixo que o inicio efectivo das obras coa sinatura das correspondentes actas de comprobación de replanteo se demorara ao día 12.12.2016.

**Quinto.**- Con data 28 de decembro pola Dirección Facultativa e o Responsable do Contrato emiten informe técnico indicando a parte das obras executada no ano 2016 e a parte das mesmas que é necesario continuar no ano 2017.”

	ANO 2016	ANO 2017
LOTE 1	158623,07	240449,96
LOTE 2	203595,48	137467,91
LOTE 3	126427,27	49390,58
LOTE 4	162271,13	67122,74
TOTAL	650916,95	494431,19

**Sexto.**- No Orzamento municipal do ano 2017 aprobado definitivamente polo Concello de Vigo en data 27.12.2016 figura crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao importe das obras que serán executadas no ano 2017, na aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de viarios e espazos públicos”

**Sétimo.**- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación. Previamente deberá informar a Intervención Xeral Municipal.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.**- Reaxustar as anualidades do contrato de obras de renovación de firmes en vías municipais das diferentes parroquias do Concello de Vigo no seguinte sentido:

	adxudicación	ANO 2016	ANO 2017
LOTE 1.- NEXIA INFRAESTRUCTURA, S.L.U. Y FEVISA, S.L UTE	399.073,08 €	158.623,07	240.449,96
LOTE 2.- CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, SA	341.063,39 €	203.595,48	137.467,91
LOTE 3.- NEXIA INFRAESTRUCTURA, S.L.U. Y FEVISA, S.L. UTE	175.817,86 €	126.427,27	49.390,58
LOTE 4 .- CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, SA	229.393,88 €	162.271,13	67.122,74
TOTAL	1.145.348,21 €	650.916,95	494.431,19

Para a súa financiación, aplicaranse os créditos do orzamento municipal do ano 2017 aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 27.12.2016, , incluídos na aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de viarios es espazos públicos”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(1457).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA AVDA. CAMELIAS, ENTRE A RÚA DOUTOR MARAÑÓN E RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ”. EXPTE. 3375/443.**

Dáse conta do informe-proposta do 30/12/16, do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do Servizo Xuridico da Area de Servizos Xerais e polo concelleiro/delegado de Area,

*I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31.08.2016, acordou « probar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA AVDA. DAS CAMELIAS, ENTRE A RÚA DOUTOR MARAÑÓN E A RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ.»*

*II.- A Mesa de Contratación, con data 28/12/2016, entre outros acordos, adoitou o de propoñer ao órgano de contratación: ““Adxudicar a MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440) por un prezo de 777.798,89 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 181 meses. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”*

*III.- De ser aprobada a anterior proposta pola Xunta de Goberno Local, deberase proceder ao nomeamento da Dirección facultativa da obra e a aprobación das demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire o presente informe-proposta, daquela, subordinado á dita previa aprobación da proposta da Mesa de Contratación.*

*IV.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación das obras arriba indicadas establece no punto 4 da súa cláusula 1ª que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras, conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.*

*Así mesmo, a dita cláusula do PCAP especifica as funcións da dirección facultativa e dispón que esta será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate; titulación adecuada e suficiente para a dirección da obra de referencia que concorre nos funcionarios municipais, cuxo nomeamento aquí se propón.*

*V.- Doutra parte, a axilidade e eficiencia que require a xestión do importante volume de contratos de obra que tramita a Área de Fomento do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación*



do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación ata a recepción das obras aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Fomento; razóns polas cales propónse a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

VI.- A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP; disposición do artigo 127.2 LRBRL que ha de entenderse referida a esta disposición adicional.

VII.- A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, para o caso da previa aprobación pola mesma da proposta da Mesa de Contratación de 28/12/2016, sobre adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de “ HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA DA AVDA. CASTELAO, ENTRE A RÚA REDONDELA E A RÚA PORRIÑO” (3956-440), na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de “HUMANIZACIÓN DA AVDA. DAS CAMELIAS, ENTRE A RÚA DOUTOR MARAÑÓN E A RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ.” (3969-440) ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e ao Enxeñeiro Técnico en Topografía, D. PABLO SAAVEDRA SALGUEIRA”

**Segundo:** Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde das mesmas, a aceptación do Plan de xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

**Terceiro.-** A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo e publicarase no BOP de Pontevedra.

**Cuarto.-** Notifíquese o presente acordo á empresa adxudicataria e aos demais interesados no presente expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía

*administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnaló directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.*

*Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(1458).- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DO 19/06/15, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS-DELEGADOS. EXPTE. 74/1102.**

Dáse conta da Proposta de Alcaldía de data 30/12/16:

“Examinadas a proposta do concelleiro-delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, así como as solicitudes de rectificación remitidas dende a área de RR HH e Formación (27/12/16), ambas de modificación do réxime de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 (Expte. 74/1102) e, vista a conveniencia de impulsar o cumprimento dos principios de eficacia, eficiencia e axilidade na xestión pública no Concello de Vigo, de conformidade coa Resolución de data 29/06/2016, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica relativo a distintas modificacións na Área de Fomento, Limpeza e Contratación, así como na Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración electrónica, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal ostenta esta Alcaldía -art. 124.4 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos Concelleiros Delegados de data 19 de xuño de 2015, coas súas modificacións, incluíndo o seguinte contido:

- a) Modificar o apartado V.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE XESTIÓN

MUNICIPAL, PERSOAL, PATRIMONIO E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, incluíndo a Delegación das competencias relativas á aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.

b) Modificar o apartado VII.-NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN, incluíndo a Delegación das competencias relativas á aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo; aprobación do Plan de Calidade; nomenamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde da obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato.

Segundo.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos Concelleiros Delegados, de data 19 de xuño de 2015, coas súas modificacións, incluíndo a determinación de que:

A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

Terceiro.- Notificar este acordo aos concelleiros das áreas afectadas e comunicalo aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para xeral coñecemento e efectos, mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no BOP, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación ao abeiro do art. 38 do RD 2568/1986.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta de Alcaldía de data 30/12/16.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas.  
Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.